
ATENEA

Xaneiro - Febreiro - Marzo 2001

Agustín Fdez. Paz
Alejandro C. Pernas
Antonio Ruzo
ASPANEPS
Aurora Vázquez Aneiros
Bernardino Graña
Carlos García
Chavós
E. de Nieto y Sangobar
E. Jiménez Gómez
Jorge Meis
Lavandeira
Luis Calvo Teijo
Médicos Sin Fronteras
Mercedes Castro Díaz
Pepa Beltrán
Sabela Arias



25 anos do Ateneo

Bulimia e anorexia nerviosa
Unhas doenzas destes tempos

Médicos sin Fronteras

Xoan Sebastian Bach
250 Aniversario do pasamento


Nicaragua

Gonzalo Torrente Ballester
Entre gozos e sombras chinescas



nº 5

400 ptas.




Artes plásticas. Exposicións

PROGRAMACIÓN (CULTURA)

Centro Torrente Ballester:

15 de decembro ata 12 de xaneiro:
Dalí, Gala e Lacroix... ou o privilexio da intimidade.
21 de decembro ata 12 de xaneiro:
Suso Basterrechea
20 de xaneiro ata 25 de febreiro:
Realmente?. Exposición colectiva que fai un percorrido polo realismo galego actual e na que participan Qintana Martelo, Loureiro, Elena Gago, Roberto González, Manuel Vilariño, Rogelio Puente, Xoan Guerreiro, Xurxo Martiño e Doroteo Araniz.
19 de xaneiro ata 15 de abril:
Proxecto Miradas Vírxenes: Vicente Blanco.
2 de marzo ata 15 de febreiro:
Roberto Matta.
1 de marzo ata 30 de marzo:
50 anos de Galaxia.
2 de marzo ata 7 de abril:
Proxecto Miradas Vírxenes: Arturo Fuentes.
Miradas Vírxenes continúa ata finais de ano con seis exposicións individuais máis de xóvenes valores galegos.



Centro Cultural Carballo Calero:

20 de decembro ata 20 de xaneiro:
Homenaxe a Pablo Iglesias.

Ferrol
Unha boa alternativa

Artes escénicas: Teatro



Ciclo Domingos a Escena (Centro Cívico de Caranza ás 20:00)

21 de xaneiro: Emeigual Teatro: "Canas no aire"
28 de xaneiro: Ad Libitum: "Ernesto"
4 de febreiro: Abofé Teatro. "Clionon" (Ceremonias pánicas)
11 de febreiro: Teatro do Curro. "A sombra do Tenorio"
18 de febreiro: Carpe Diem. "Naufragos"
25 de febreiro: Bartoleta Teatro. "Un tranvía chamado desexo"
4 de marzo: Fridom Spik Teatro. "Porque Jimmi Hendrix tamén comía cachelos"

Xoves Teatrais (Auditorio Centro Torrente Ballester)

15 de febreiro: Balea Branca: "Notas dun estudiante que morreu tolo" (Estrea Absoluta). Dúas funcións.
22 de febreiro: Galería Cía de Teatro: "Compañía". Dúas funcións.
15 de marzo: Talía Teatro. "Dakota". Dúas funcións.
22 de marzo: Ollomoltranvía. "Policía". Dúas funcións.
29 de marzo: Produccións Librescena: "Otelo". Dúas funcións.


Xoves Teatrais contiúa os meses de abril, maio e xuño, con seis compañías máis, tres galegas e tres de fora de Galicia.





Concello de Ferrol

25º aniversario
do Ateneo Ferrolán



EDITORIAL

As portas do novo milenio, o terceiro da conta atrás, a piques de comeza-lo século vinteún, acada o noso ATENEO FERROLÁN as súas vodas de prata, os vintacinco anos de actividade continuada, o que constitúe a etapa máis longa da súa existencia.

Hai moito que recordar e celebrar nun vintacinco aniversario dunha Entidade das características do ATENEO. En primeiro lugar o empeño, o impulso e a forza para superar tódolos obstáculos dos que, nada máis fina-lo dictador, en novembro do 75, puxeron mans á obra, co empuxe de tódalas persoas que respaldaron o proxecto. Así, o 26 de marzo do ano seguinte, con toda a ilusión, inaugurábase o novo ATENEO FERROLÁN, restauración do fundado en 1879 por outro grupo de entusiastas ferroláns presididos por D. Manuel Estrada y Nadán.

Pártese de cero, en canto a medios, pero arrinca esta nova etapa con todo o entusiasmo que dan centos de persoas cunha sintonía inigualable e uns obxectivos nítidos e indiscutibles, aceptados polas máis dispares correntes políticas, sociais e culturais: establecer un espacio para a cultura, unha canle e un foro para o debate de ideas, a recuperación da nosa historia e os nosos costumes, o espallamento das artes, as ciencias e as letras e a participación popular máis ampla en tódolos eidos da creación artística.

Sucedéronse, ata hoxe, dez presidentes e outras tantas directivas, reaxustándose cada ano e recompostas moitas veces en función das necesidades, ausencias, abandonos, etc. Momentos esplendorosos, actividades estrela en moitos eidos da cultura, proxectos ben realizados e que seguen en pé. Todo esto e máis estaría no balance positivo das realizacións destes 25 anos. Tamén, pola contra, fallos, fracasos, liortas, escaramuzas, estratexias e "asaltos ó poder", para facerse coa cabeceira dunha entidade que, na recén estreada democracia ofrecía unhas posibilidades atractivas, teóricas máis que nada, para achegarse e "mostrarse" diante dunha parcela importante para futuros votantes.

Pero, eses xarampóns, consecuencia da "longa noite de pedra" pasaron e, logo de acadar un dos logros máis significativos, o acomodo da sociedade na sé de que hoxe disfrutamos, a ausencia de tensións e a calma, para algúns excesiva, establecéronse, esperamos que para ben, na primeira entidade da cidade.

Ausencia de tensións e calma no ambiente non quere dicir inactividade ou inoperancia. O ATENEO FERROLÁN, con imperfeccións, unhas internas coma medios e cartos, outras externas coma incomprensións e pequenas pedras no camiño... mantén unha oferta cultural aceptable e un nivel decoroso no cumprimento dos seus obxectivos, dentro da permanente insatisfacción que as nosas altas aspiracións inevitablemente nos impoñen. Hai moito que facer e por facer, pero non podemos minusvalora-lo feito e que está a desenvolverse.

No balance do 25 aniversario non poden faltar dúas cousas, por unha banda os agradecementos, que centramos en tant@s soci@s anónim@s que coa súa cuota fan posible manter abertas unhas instalacións e uns servicios abertos á cidadanía, asemade que, en tant@ colborador@s que, dun xeito altruísta fixeron posible a realización de tantos proxectos culturáis dos que tod@s podemos estar orgullosos. Por outra, o chamamento, unha vez máis, a tódolos que queiran escoitar e, sobretodo, ós máis críticos e sensibles para que pasen das críticas necesarias ós feitos e presenten as súas suxestións e a súa aportación persoal, para materializar no próximo futuro todo aquelo que poida mellora-la nosa oferta cultural e o cumprimento dos obxectivos ó nivel que todos desexamos.

A necesaria, esixible e permanente adaptación das persoas e das Entidades ós tempos que nos toca vivir, teñen que levarnos a unha progresiva presencia e integración no novo mundo da comunicación, da cibernética, das redes... Con tódalas dificultades que iso ten, facemos un chamamento á xuventude para que, neste eido, nos axude a constituír nun futuro non demasiado lonxano, un espacio de encontro e participación das vellas formas e modos con esas novas e imparables técnicas que, á maioría dos que temos máis anos, vánsenos das mans un pouco.. Todo un reto para a imaxinación.

Agarimos para tod@s, e os mellores desexos, neste gran momento da Historia da Humanidade:

NOVO ANO, NOVO SÉCULO, NOVO MILENIO.

O Ateneo Ferrolán

nº5

ATENEA
[Rev]ista trimestral do Ateneo Ferrolán

[EQ]UIPO TÉCNICO E [R]EDACCIÓN
[Lu]is Calvo Teijo
[Jo]sé A. Villar Corral
[Fe]rnando Ocampo Montesinos
[Mª] del Mar Villares Díaz

[IL]USTRACIÓNS
[Le]andro
[Fe]rnando Ocampo


[C]ORRECCIÓN LINGÜISTICA
[M]argarita Souto Fraga
[M]ª José Villar Corral

[R]EDACCIÓN E [A]DMINISTRACIÓN
[R]úa Madalena, 202, 1º Ferrol
[T]el.: 981-357-970
981-354-098
[F]ax: 981-354-098
[E]-mail: a_ferrol@teleline.es
[I]SSN: 1575-9679

[C]OLABORACIÓNS
[A]gustín Fdez. Paz
[A]lejandro C. Pernas
[A]ntonio Ruzo
[A]SPANEPS
[A]urora Vázquez Aneiros
[B]ernardino Graña
[C]arlos Carballeira
[C]arlos García
[C]havós
[E]. de Nieto y Sangobar
[E]. Jiménez Gómez
[F]ernando Ocampo
[J]orge Meis
[L]avandeira
[L]uis Calvo Teijo
[M]édicos Sin Fronteras
[M]ercedes Castro Díaz
[P]epa Beltrán
[Is]abela Arias



sumario



A Muller na biblioteca Do Ateneo Ferrolán



SERVICIOS DO ATENEO

Trátase dun fondo de menor volumen en relación a outros,como poden se-lo local ou o adicado a Galicia ,pero non de menor importancia e, que ademais resulta moi interesante pola variedade temática que abrangue, aínda que, en principio, poida semellar monocolor.

O común denominador do fondo, aquelo que lle dá razón de ser, é a relación de tódalas súas obras co mundo da muller, o feminismo e maila situación da muller en distintos ámbitos.

No mes de xaneiro do 2000, a alumna do "practicum" Ana Alonso, realizou un estudio sobre este fondo, como parte da memoria das prácticas do terceirro curso de biblioteconomía, do que agora se extraen os seus resultados, no mesmo abarca todo o fondo de que se compón, unhas 70 obras, sen ter en conta as publicacións periódicas que tamén poderían encadrarse neste "fondo da muller".

Na súa meirande parte formouse nos anos 80 e 90, e a primeira obra que se incorpora é "La mujer total" de Marabel Morgan, editada en Barcelona en 1977.

Aínda que na maior parte dos casos se trata de obras de autor, existen tamén unha boa cantidade delas editadas por organismos oficiais, como o Instituto da Muller, Ministerio de Asuntos Sociais, ou a Xunta de Galicia.

En canto á temática do fondo, é amplia, aínda que a socioloxía é o asunto máis abordado nas súas diferentes vertentes: a relación entre a muller e maila política, a súa saída ó mercado laboral, a educación...tamén son numerosas as obras con enfoque psicolóxico.

O outro grande tema é o da saúde sexual, atopamos libros, guías sobre enfermidades de transmisión sexual, aborto, planificación familiar...

Complementan o fondo as obras de narrativa, crítica literaria, historia, biografías e filosofía, existentes en calquera outro fondo, pero aquí coa característica común de referirse á muller e ó seu mundo. Ademais conta con guías prácticas para a muller, sobre o traballo, asociacionismo, lexislación...

Gustaríanos salientar algunhas das obras que forman parte deste fondo :

ARENAL, Concepción.
"La emancipación de la mujer en España"

ARANGUREN, José Luis.
"Erotismo y liberación de la mujer"

BEAUVOIR, Simone. "La vejez"

CAMPOAMOR, Clara.
"El voto femenino y yo:mi pecado mortal"

GARCÍA MESEGUER, Álvaro.
"Lenguaje y discriminación sexual"

GARCÍA MÉNDEZ, E.
"La actuación de la mujer en las Cortes de la II República"

HEINZE, Úrsula
"Arredor da muller en 18 mundos"





Representación de teatro realizada polos nenos participantes no curso de teatro infantil do Ateneo Ferrolán





XOSÉ LEYRA DOMÍNGUEZ



HOMENAXE
EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA

Portada do catálogo, editado polo Ateneo Ferrolán, co gallo da homenaxe realizada na memoria do desaparecido pintor, Xosé Leyra Domínguez, o pasado mes de novembro.



"As viaxes de Lapona e Lapón", teatro de títeres musicado a cargo do grupo GÜIVI-TRIVI



El pianista Fran Rey musicando a película de cine mudo "La quimera del Oro" de Charles Chaplin.



Inauguración da exposición de acuarelas de Lavandeira, acompañado por María Dolores Orúezabala e o presidente Eliseo Zaera.




Cristina Vázquez Pérez, pintora que abríu o ciclo de exposicións do último trimestre do ano, posando diante dunha das súas obras.



Augusto Pérez Alberti, xeógrafo, catedrático da Universidade de Santiago, encargóuse de pecha-lo ciclo "O NOSO ENTORNO", coa conferencia "A modificación das costas"







Vodas de Prata do Ateneo Ferrolán.

Noutro orde de cousas, comunicar que hai unha comisión de varios grupos de directivos e colaboradores que están a prepara-los actos de celebración das VODAS DE PRATA, que terán a súa información específica, e que está aberta á participación e suxerencias de calquera soci@.

Breves:

A fundación do primeiro Ateneo de Ferrol data do ano 1879 e abrangue diferentes fases ata o ano 1936, ano no cal desaparecen por mor da dictadura e restriccións das libertades.

As fases e datas son: 1879/1880, 1903/1917, 1931/1936 e 1976 ata o día de hoxe.

Elección da Xunta Directiva.

Lembrar que a primeiros do mes de abril terá lugar a celebración de Eleccións para escoller unha nova xunta directiva, desta volta, coincidente coa celebración do 25 aniversario, e que agardamos desperten n@s soci@ un interese e participación masiva @s cales invitamos, dende xa, a incorporarse na organización do evento e preparación do próximo futuro da nosa entidade.

Ana María Martínez

Departamento de Rio de San Juan, Nicaragua



Comunidades, xentes, homes, mulleres, nenos e nenas esquecidos pola Administración. Non contan cos mínimos de alimentación, sanidade...

Cando fomos a Nicaragua iamos coa mente e o corazón abertos a recoller todo tipo de sensacións e vivir unha ocasión de ver e comparti-la solidariedade en directo, non só pola tele ou organizando actividades que por moi ben organizadas que estean e moito corazón que poñas, nunca te achegarás á realidade.

Para achegarnos a esa realidade tivémo-la sorte de atopar a Ana María Martínez, rapaza madrileña de 26 anos, e licenciada en Empresariais. Hai tres anos, traballaba nunha auditoría, multinacional de orixe norteamericano, cunha boa carreira, con bastantes oportunidades de promoción e hoxe está a traballar como Administradora Xeral do proxecto de Médicos do Mundo en Río San Juan.

Atenea: Ana, ¿como é que unha persoa tan nova coma ti, cunha carreira prometedora como tiñas, ves a un país descoñecido, aínda que teña o teu idioma, metéste aquí e intégraste nesta sociedade cambiando totalmente o teu sistema de vida?.

Ana: Respecto ó meu traballo anterior non ten nada que ver, pois era un estilo de traballo moi estresante a nivel executivo. O traballo gustábame pero o ambiente non era o que desexaba. Por iso, o vir para acá foi dar un corte radical. A miña familia non entende moi ben e consideran que isto é dar un paso atrás na miña carreira, posto que acá tes un proxecto un pouco inestable. Vaste da túa casa nunhas condicións moi diferentes, ganando menos cartos, o cal para a nosa sociedade é un hándicap. Isto era o que quería facer e non é unha cousa temporal. A miña idea é continuar, rematará este proxecto e continuar con outro quedando unha temporada por acá. Non digo en Nicaragua, senón por Centro América, por Latino América, uns anos, traballando no mundo da cooperación. A miña idea non é voltar outra vez a Madrid, e atopar un traballo tranquilo. Para min é un paso adiante, iso depende como queiras ve-la carreira dunha persoa. Nos últimos anos entrei en contacto con algunhas ONG'S e no verán do 99 vin que era un tema que me interesaba, entón decidín vir. Elixín Nicaragua un pouco ó azar porque tampouco coñecía ningunha organización. Vin acá incorporándome a un proxecto de Axuda en Acción, durante un mes que estiven na cidade de León. O que fixen foi ve-lo funcionamento do proxecto que a min era o que realmente me interesaba. Xa en España comecei a ve-la posibilidade de viren coma cooperante. En principio, resultoume un pouco complicado e xa neste ano, á altura de marzo decidín enviar un currículo a Médicos do Mundo. Chamáronme, ofrecéndome vir coma administradora ó proxecto de Río San Juan aquí en Nicaragua, incorporándome no mes de xuño.



Ana Mª Martínez con Luis Calvo

Atenea: Nestes días vémo-la amplitude do proxecto e, aínda que formades un equipo bastante amplo, en boa medida de ti depende a saúde de moita xente. Fálanos do traballo que desempeñas, desa carga de responsabilidade para unha muller tan nova e, por outra banda, do choque que te atopaches coa forma de ser da xente.

O traballo que desenvolvo, como administradora e loxista, levando toda a parte de administración, é máis facil do que eu facía en España. A contabilidade se a levas día a día, non ten maior problema, pero logo ten un componente



moito máis complicado como é que chocas cunha realidade moi diferente á túa. Cousas que en España ou en calquera outro país resolverías en cinco minutos, acá créache uns problemas tremendos. Sobre todo, polo choque coa xente, que ten unha cultura moi diferente e logo, nesta rexión en concreto, noto que a xente, quizais por ser zona fronteriza, ten un carácter diferente, bastante difícil e complicado, entón ás veces atópaste resolvendo situacións un pouco estrañas que eu nunca atopara. Complicada e sobre todo eso, o tema do nivel que teñen, ou sexa, ti podes esixirlle porque o traballo o require, xa que esto é un proxecto que está moi presionado de tempo e contas cuns recursos, sobre todo humanos, un pouco limitados. Ti podes esixir ata un certo punto pero está claro que nos... eu teño un nivel superior a eles, pois simplemente porque tiven a sorte de estudiar unha carreira, xa que eso é simplemente sorte, nacer no lugar adecuado, pero non por iso teñen menos vontade, entón tes que adecuarte a eles. Nótalo no ritmo. Eu, cando cheguei o primeiro mes, viña acostumada ó meu ritmo que era trepidante, e claro, tiven que pegar un frenazo. Ó remate, quen vén de fóra son eu, eles non teñen porque adaptarse a min.

Logo, coa xente das comunidades, estás en contacto decote con eles porque veñen a capacitacións e entón eu entendo coma ven a Médicos do Mundo, e consideran que ten cartos. Eu, como administradora, son que ten que decidir se hai cartos para unha determinada actividade ou non, e moitas veces resúltame difícil porque me gustaría resolver determinadas situacións que non podo, xa que saen fóra do proxecto. Entón tes unha mestura de... síntome mal, xa que é moi triste cando te vén unha persoa dicindo que ten unha nena enferma, necesita leva-la ó proxecto e non pode, porque realmente se sae fóra.

Ou sexa, a proposta é a nivel personal, non a nivel MdM porque non se pode facer, hai que limitar porque logo a xente xa o converte nun vicio. MdM leva acá xa moito tempo, entón eles xa se fan a idea "Médicos do Mundo ten, entón imos a pedirlle". É moi difícil definir a quen realmente lle fai falta e quen está a pedir porque si. Eu teño moi claro como se ten que face-la cooperación, aínda que podo equivocarme. E, por exemplo, partir da idea que con darlles non solucionas nada, ou sexa, ti a eles tes que concienci-alos.

Atenea: Interésanos o teu enfoque, coma muller, da importancia que ten que esteades a integra-la xente de aquí no proxecto de MdM.

Eu penso que cando estás no traballo relativizas moito. O papel que eu desempeño co coordinador do proxecto e coa directora médica... digamos que son tres papeles fundamentais. É un proxecto moi grande que abrangue moitas comunidades, moita xente, pero sobre todo están a tocarse moitos compoñentes que teñen que ver coa saúde, ou sexa que non é soamente capacitación de promotores de saúde, abárcanse aspectos de saneamiento ambiental, aspectos de xénero, aspectos de botiquíns, entón eso multiplica as dificultades que conleva desenvolver esas actividades, porque ti podes pretender que a xente veña a capacitarse, que te fagan unha supervisión. Agora estamos a facer análises de auga, pero hai que contar coa realidade A realidade é que eles están na súa comunidade e o baixar acá suponlles quizais dous días de viaxe que cos tres días de capacitación da lugar a unha semana enteira que non traballan. Eu coido que lles esiximos demasiado. Normalmente a reacción é positiva, ou sexa, a xente está moi disposta a baixar, pero son moitos meses a ese ritmo, esixindo á xente que non ten o teu mismo nivel. Ocorre que, ás veces, atopas reaccións que dificultan o traballo e a min en particular, que son que ten que organizar toda a parte loxística dos talleres das capacitacións e demais. Entón atópome con problemáticas distintintas como á hora de hospedar á xente, ou á hora de darlles alimentación.

Nun sitio tan pequeno como San Carlos, no cal a oferta é pequena e limitada, atópaste que ás veces véñenche oitenta ou cen persoas e tes que cubri-los servicios desas persoas, pero cubri-los en tempo e forma, porque teñen que hospedarse esa noite como sexa. Téñome atopado ás oito ou nove da noite dando voltas coa camioneta cargada de xente buscando hospedaxe e teño que estar aí ata resolvelo, forma parte do noso traballo. Ti non podes dicirlles que veñan ás catro da tarde, xa que eles tardan en baixar das comunidades e teñen a súa problemática.

Tes que ser moi flexible, pero sen que se te vaia das mans, que a xente se te vaia e faga o que lle dea gana. É moi complicado, porque cada un vén contarche a súa problemática. Un que saíu tarde da comunidade porque lle pasou non sei qué, é moi difícil, non sabes se podes ou non enfadarte con eles, se tes motivos ou non. A cuestión é que moitas veces a efectividade no traballo e a planificación son como un recuncho sen lei, é moi difícil planificar dun xeito rigoroso porque estás a facelo co impersonal. Ti podes planificar un equipo de dezaoito, pero non podes planificar cando a xente está nas comunidades tan alonxadas e que te salga ben. Eso é imposible. Eu sinto responsabilidade porque quero que todo saia ben e ademais son bastante esixente comigo mesma. Os imprevistos son continuos o que me orixina un certo estrés. En Madrid, o meu traballo era certamente estresante. Aquí estou máis estresada que alá, aínda que estou no campo pero, a nivel de traballo, estou moito máis estresada porque o estrés de alá era entregar un informe en certo tempo. O estrés de acá é que estás con xente, entón emocionalmente aféctache bastante. Custa moito illarte e dicir non.

Cando viñestes, a miña maior preocupación era que se cumprira con toda a xente convocada, xa que a eles cústalles moito, aínda que cando MdM lles mandas un aviso por radio ou lles





dis que teñen que estar en Los Chiles a tal hora, sempre están dispostos. Para nós é máis doado, porque ti vas en coche, pero eles van a pé ou en besta. Eu para eso son moi respectuosa, se a actividade se programou non hai marcha atrás, que logo a actividade non xera os resultados esperados, pois mira, mala sorte, o planificaches mal... digamos que es ti quen asume as consecuencias, que ti planificaches mal, porque as súas condicións son moi diferentes. Entón a min, en determinados momentos, agóbiame bastante, orixíname máis estrés que o meu traballo normal.

Atenea: Ana, cóntanos agora desa Asociación que estades a constituír, que non se trata de que veña a xente de fóra, de que Médicos do Mundo ten cartos e resolve, senón que estades a capacita-la xente para afrontar esa situación o día de mañá, cando desapareza MdM.


O que teño claro é o traballo que temos que facer, e que eles sexan conscientes de que esta asociación estana constituíndo eles e que son eles os que a teñen que sacar adiante, que non vale de nada que eu mañá me vaia a unha comunidade e lles dea diñeiro porque iso gastáno en dous días, e se me descuido gástano en beber porque eso é así, xa que é moi difícil estar seguros do que van a facer con eses cartos. Sen embargo, se ti lles das unha capacitación e lles dás uns medios mínimos para que eles poidan sacar, neste caso, a saúde da súa comunidade adiante, estás a darlles moitísimo máis, aínda que eles, en principio, non o vexan así. Entón moitas veces, cando me veñen pedir e lles teño que dicir que non, para non sentirme mal fágome esta análise e penso, bueno, ti pensa en todo o que está a darlles o proxecto a outro nivel, que é como ten que funciona-la cooperación. Non é simplemente darlles, senón formalos que é o que realmente estamos a facer.

Atenea: Ana,vives aquí en San Carlos, nunha comunidade moito máis pequena e no teu traballo estás en contacto con xente de comunidades rurais, moito máis cativas, aínda que, por temporadas, teñas a túa residencia en Managua, nun barrio marxinal. Fálanos diso.

O motivo de que eu teña unha perspectiva de quedarme acá é porque chegas a un país e intégraste nese país, esa é a idea. Eu, agora, non me vexo como unha estranxeira en Nicaragua. Eu teño a miña residencia, temporalmente en Nicaragua, pero eu teño a miña vida acá agora. O que ocorre é que cando te integras te involucras. Involúcraste coa xente, involúcraste co ambiente. Eu teño bastante grao de involucración. Estou a colaborar con outra asociación nicaragüense, en Managua, nun barrio marxinal, isto fai que xa non esteas soamente nun proxecto, eu estou a traballar con ela, entón mestúranseme as dúas cousas, pero para min isto complementa o estar no proxecto. Pero, ademais, teño a sorte de vivir nun barrio onde vivo cunha familia, e aí teño a miña xente que me complementa o non estar na miña casa, facendo que non me sinta tan illada, porque eu integreime perfectamente aquí en Nicaragua, aquí fixen a miña familia, no sentido de ter un acompañamento sempre.

Atenea: Falaches de que desexas coller unhas vacacións e que pensas ir polo Nadal a Madrid e coido que vas atoparte cun gran problema como é dicirlle á túa familia que pensas continuar nisto.

Si, eu prefiro este estrés ó de alá. Encántame estar coa xente, realmente estou no meu ambiente, esto é o que me gusta. Si que é certo que estou con ganas de coller un tempo para min. Estou cansa, un día rematei o traballo e ós dous días estaba en Nicaragua, polo tanto non tiven descanso, levo cinco meses cun ritmo bastante acelerado e vou ir a España a descansar, pero vou para regresar. Eso téñoo claro e é o que teño que explicar na miña casa, porque eles pensan que esto é unha experiencia que eu quería vivir. "Imos a deixar que o faga e que se quede a gusto e tranquila, e cando remate o proxecto, en febreiro, volve para España, reincorporase ó seu traballo e volverá todo á normalidade". Realmente iso non vai ser así. Como é algo que agora xa o teño claro, é algo que teño que explicar na casa e supoño que será un "bo regalo de Nadal" para a familia, pero rematarán entendendo. Eles danse conta cando falan comigo que estou contenta, e o que quere a familia é que sexas feliz.



IMAXE

Día 8 de Marzo

día da muller traballadora



Carlos García

3 Contos fugaces





UN CASO DE LICANTROPÍA


Conforme pasaban os minutos, a insolencia daquel alumno ía en aumento. Xa non se trataba só de que non atendese ás explicacións que o profesor, con paciencia infinita, repetía unha e outra vez. O peor era que, nun intento deliberado de boicotear a clase, o mozo trataba de atraer a atención dos seus compañeiros cos máis variados procedementos e, por qué non dicilo, cun éxito cada vez maior.

Atentos como estaban ás impertinencias do seu compañeiro, os alumnos non se decataron das transformacións mínimas que anunciaban o desastre: o medre desmesurado das uñas, as grosas serdas que brotaron na pel, o sangue coloreando o espacio dos ollos, os cairos afiados que asomaban entre os labios, a desfeita nas costuras da chaqueta e do pantalón... Cando foron conscientes do que ocorría, era xa demasiado tarde. Algúns aínda tiveron tempo de pensar en balas de prata, e en cruces benditas, e na ausencia de lúa chea, e noutras fantasías cinematograficas tan distintas do inútil mobiliario escolar que os rodeaba. Así de terribles e inagardados son algúns dos fenómenos da licantropía.

OS RAROS MECANISMOS DA MEMORIA

Sempre oíra dicir que, uns instantes antes de morrer, toda a súa vida pasaría aceleradamente diante dos seus ollos, permitíndolle revivir por derradeira vez tantos e tantos sucesos que a súa memoria, sempre sabia, fora sepultando co paso dos anos. Un fenómeno tal, pensara en ocasións, tiña que obedecer a algún raro impulso gravado nalgunha zona da curva helicoidal do noso ADN, algo así como unha versión divina da máquina que Adolfo Bioy Casares intuíra na súa novela La invención de Morel.


Pero algunha peza debeu fallar nos complexos labirintos da súa máquina porque, nos últimos segundos da súa existencia, a memoria negoulle o espectáculo da vida enteira que agardaba e quedoulle ancorada con firmeza na imaxe luminosa de Pilar, a moza que tanto amara nos seus anos adolescentes.



SOBRE A ORIXE DAS GALAXIAS

Os cosmólogos din que primeiro foi o big-bang e que despois o universo comezou a expanderse a velocidades inimaxinables. E din tamén que as galaxias que se afastan unhas doutras a través dun espacio cósmico sorprendentemente plano, non son máis que os grumos procedentes da gran explosión primixenia que espallou a materia concentrada no Aleph inicial.

Niso pensaba eu mentres o leite saía a borbollóns fóra do cazo, e dividíase logo en porcións redondeadas que esvaraban veloces pola superficie da cociña de ferro. Pero miña nai entrou berrando: "?¡Que se vai o leite, pasmón!", e deume unha labazada por non quitar a tempo o cazo do lume. Sempre, meditei con tristeza, atopou atrancos inesperados a investigación científica neste país.



Agustín Fdez. Paz

Mestre, escritor especializado en literatrura infantil.

ARTIGO

No CCL Aniversario do Pasamento:

O VIOLIN HARMONICO DE XOAN SEBASTIAN BACH

Nunha tarde de verán, nas fins do mes de Santiago de 1750, hai agora douscentos cincoenta anos, encetaba a súa penúltima etapa, cara ó firmamento das artes, a obra do mellor compositor de música, nado no mundo ata daquela e coñecido por baixo dos nomes de Xoán Sebastián Bach.

Nesta terra galega nosa adóitanse celebra-los cabodanos, dunha maneira alén do estrictamente conmemorativo do pasamento. Dese xeito, mentres se evoca o feito luctuoso e maila dor da ausencia, recordanse asemade os feitos salientables da vida xa rematada; deixando aberta a fiestra para a perdurabilidade do que xa se foi, entre deudos e amigos, combinando obras deixadas e quentamentos afectivos.

A conmemoración do pasamento reflicte pois, na vida dos xenios meirandes, o inicio definitivo da súa gloria, coma tamén o solpor de moitos outros humáns, sobredimensionados pola percepción dos seus contemporáneos, que van esmorecendo ata se mergullar nas fonduras bretemosas do esquecemento.

Moi a pesar de seren xenio verdadeiro, ben avaliado polos do seu tempo, poderíase dicir que Bach acabou por ser máis do que pai, verdadeiro fillo das súas obras, pois que a vastísima producción do seu talento navegou case que cen anos de proa ó esquecemento, ata que nos mediados do século XIX, Xoán Sebastián foi redescuberto en Leipzig por Felix Mendelssohn-Bartholdy.

Haberían ser pois Mendelssohn e mailos músicos da súa excelente orquestra da Gewandhaus ou da "casa dos tecedores", os verdadeiros motores que impulsaron a definitiva consagración do antigo cantor da Thomaskirche ou igrexa luterana de Sto. Tomé de Leipzig, coma un dos máis egrexios xenios da humanidade.

A vida de Xoán Sebastián transcorreu entre Eisenach na Turinxia, donde naceu no ano 1685 e a cidade de Leipzig, que viu o seu pasamento no de 1750. Nunha serie de etapas escomezadas ós dez anos de idade e por mor dunha desgraciada orfandade, Bach viaxou, primeiro á Ohrdruf para estudiar no liceo e vivir co seu irmán máis vello, Xoán Cristobo, que lle ensinou tódo-los segredos da música, coñecidos daquela polo irmán, que era un bo compositor e organista, discípulo de Pachelbel.

A seguir e no 1700, o rapaz marchou coma neno de coro á Lüneburg, nunha viaxe a pé de 270 quilómetros. Alí, no convento de San Miguel, cantou arreo e admirou o traballo do organista Held no fermoso órgano da igrexa, que se convertiría no alicerce do pracer estético amais das afeccións harmónicas daquel rapaz, que habería pasar á historia coma o máis grandioso de cantos terían de compoñer para o rei dos instrumentos.

A peregrinación vital de Xoán Sebastián seguiu en dirección a Weimar coma violinista e moi cedo á Arnstadt, en calidade de organista. A seguinte etapa habería ser Mülhausen (1707), con volta a Weimar no 1708, xa mestre de música polifacético: director, compositor, ensinante, violinista, clavecinista e organista.

No 1718 incorpórase Xoán Sebastián a Cöthen, onde habería de escrebir moitas das súas mellores obras, facer grande amizade co señor da vila, o Príncipe-músico Leopoldo de Anhalt-Cöthen, amáis casar de segundas, trala morte da dona María Bárbara, coa Ana Magdalena Wilcke, aínda mellor esposa e colaboradora do mestre do que excelente soprano.


A chegada do músico a Leipzig, produciuse cinco anos despois, no 1723. Alí chegaría á gloria da fama en tódalas facetas da súa arte, traballan do ó mesmo tempo coma Cantor da igrexa de Santo Tomé e despois coma director do Collegium Musicum (1730), e sen deixar de compoñe-la mais admirable das escrituras musicáis, ata o seu pasamento ocorrido no 1750.

Os xéneros atinxidos polo mestre poden se dividir nos amplos eidos vocal, instrumental e mixto; sendo os dous últimos os da meirande perfección técnica, que acada nel outuras descoñecidas e imprevisibles, amáis dunha singular calidade maxistral, que segue a engaiolar hoxe, tanto ós expertos coma os públicos do mundo enteiro. Entre os instrumentos preferidos para espresa-lo seu abraiante xenio, Bach escolleu con preferencia polifónica o órgano, clave e voz humana, e pola súa fineza melódica, a mesma voz, xunto coa frauta, violín e violonchelo.

A música de Bach está singularizada pola especial inspiración e relixiosidade, amais polo absoluto dominio nos eidos da harmonía e das técnicas contrapuntísticas e fugais, revelando o compositor nelas a súa condición de músico de teclado, bo coñecedor de tódolos segredos e posibilidades presentes e futuras, ata o día de hoxe, para a execución das súas partituras.

Da súa moi vasta obra, son exemplos inmortais os concertos brandenburgueses, o clave ben atemperado, as paixóns segundo os santos Xoán, Marcos, Mateo e Lucas, as innumerables cantatas e coráis, a misa en si menor, o oratorio de nadal, a arte da fuga, o concerto italiano, a ofrenda musical e as variacións Goldberg

En xeral, existen tres bases estructurais para redacta-los planos dun edificio musical: o ritmo, a melodía e tamén a superposición de sons, que chamamos harmonía. E das tres, consonte ás regras prevalecentes no seu momento, Xoán Sebastián Bach destacou moito, por riba de tódolos



outros, pola mestría dos seus deseños harmónicos, en conxunción con varias ata múltiples liñas melódicas e a traverso dun vieiro moi persoal e sabedor de tódolos recursos do teclado amais do canto polifónico.

Máis a pesar do dito ata agora, o xenio bachiano destaca tamén sobremaneira, cando se en fronta á sotileza da elaboración melódica, acadando exemplos de perfección coma a aria da "suite en re". Este dominio da liña melódica única, reflictese nos temas das obras instrumentáis e por iso, de xeito enguedellante, nos concertos para violín e orquestra.

A expresión do feito melódico resulta á meirande aportación do violinismo á musica occidental, nun camiño que escomeza parello ó canto humano. Esa técnica colorística-musical, que xorde da man dos primeiros compositores italianos do xénero, dende os séculos XVI-XVII, comeza por Claudio Monteverdi e abrocha nos contemporáneos Vitali, Corelli e Torelli, para florecer na xeración seguinte, dos Vivaldi, Tartini e Veracini.

Quizabes polo influxo da escritura polifónica organística, no violinismo barroco da Europa central, agroma unha corrente alternativa ó melodismo do sur, baseada no intento de empregar un certo xogo de voces, sostido nun alicerce harmónico de aposición de sons consonantes: chegado é o tempo do violinismo harmónico dos Walther, Westhoff e Xoán Sebastian Bach.

Daquela, a primeira dificultade para acada-la execución de varios sons ó mesmo tempo estribaba na planicia da ponte do violín, amais na falla de lonxitude e convexidade do arco, e mesmo na iso-tensión das serdas, porque os modelos de Mersenne, Castrovillari ou Bassani non permitían nen moitas florituras nin tampouco obter xuntos sons limpos, en cordas diferentes.

Por iso sostén Conforti a hipótese de que as tres sonatas e tres partitas para violín só sen outro acompañamento (BWV 1001-1006), escritas por Xoán Sebastian Bach ca. 1720, non fosen executadas en vida do compositor, tendo a súa concepción somentes un carácter máis ou menos experimental. Mais o certo é que, na escola de Leipzig, perdurou a memoria delas, que eran ben coñecidas polo bo violinista Ferdinand David, concertino da orquestra da Gewandhaus e profesor do conservatorio lipsio nos mediados do século XIX , que se encargou de transmitilas á posteridade.

Sabemos que Xoán Sebastián tiña un violín de Xacobe Stainer, e os instrumentos feitos por este violeiro tirolés de son moi dóce, teñen as tapas arredondadas. Esta morfoloxía favorece tamén o deseño de pontes algo máis curvadas, daqueloutras dos violíns transalpinos do seu tempo. Pola contra, non sabemos o arco que posuía Bach, mais con certa probabilidade habería se-lo modelo corelliano, que tiña posibilidade xa de modifica-la tensión das serdas.

A dificultade para a boa execución das sonatas e partitas para violín só de Xoán Sebastian Bach segue a ser moi grande, porque soamente tamén á un xenio desa envergadura se lle podía ocorrer muda-lo violinismo melódico, empregado ata daquela, en polifonía harmónica para catro cordas.

Estes varios pensamentos remexeronse na nosa mente, na mañá do 11 de Santos, ó escoita-la moi salientable interpretación de Agustín León Ara, das partitas nº 3 e 2, retransmitidas en directo dende o ciclo "Bach na Academia", que se está a celebrar na Real Academia de Belas Artes de San Fernando, para conmemora-lo CCL aniversario do pasamento de Bach. Mais, coma os nosos cabodano, este reflectía tamén acentos nídios de Galicia, pois que se o organizador -Antonio Iglesias- é de Ourense, León Ara resulta ser tan galego de corazón coma ferrolá a amenidade pracenteira do comentarista, Rafael Taibo.

E. Nieto de Sangobar
Musicólogo. Santiago



As organizacións non gobernamentais, ONG's, representan a un millón de cidadáns agrupados arredor de obxectivos comúns. Xogan un papel moi importante e crecente a nivel político, técnico, humanitario e a nivel da ecoloxía e dos dereitos humanos. Non se restrinxen ós límites dos estados senón que exercen a súa acción, cada vez máis a nivel global. ¿ É lícito preguntarse que significan e cara onde vai o movemento asociativo ONG?.

As ONG's son moi diversas e non se poden considerar como un grupo homoxéneo. Amnistía Internacional, Greenpeace, Médicos Sen Fronteiras, por citar algunhas son dificilmente comparables. Os seus obxectivos, o seu tamaño, a súa base social, a súa estructura democrática ou asociativa, a súa antigüidade e os seus presupostos fan que unhas sexan diferentes das outras. O seu tamaño vai dende a máis pequena asociación de veciños, ata a máis grande das asociacións de transporte de comida en situacións de emerxencia. O seu presuposto pode ser simbólico ou pode chegar a centos de miles de Euros. A súa base social pode ser un puñado de amigos ou millóns de socios. O control democrático da asociación por parte da sociedade civil pode ser real ou simbólico.

Médicos Sen Fronteiras (MSF) creouse en Francia no 1971 como organización non gobernamental, apolítica e aconfesional, e o seu principal obxectivo consiste en proporcionar axuda humanitaria de urxencia de xeito rápido e eficaz e denuncia-las violacións do dereito internacional. Hoxe en día, MSF conta con dous millóns de socios en todo o mundo. Estes constitúen o valor esencial da nosa organización, xa que reflicten o apoio da sociedade civil e garanten a nosa independencia de acción. A sección española

de MSF creouse en 1986 e na actualidade conta con 142.000 socios e colaboradores. Na actualidade, a sección española de MSF ten proxectos en África , América Latina e a cunca Mediterránea.


MSF atende ás poboacións víctimas de catástrofes de orixe natural ou humano sen discriminación de nacionalidade, raza, sexo, crenza relixiosa ou política.

Os campos de actuación nos cales MSF está especializado dende 1971 son as inundacións, terremotos, hambrunas, desprazamentos de poboacións, campos de refuxiados, epidemias e poboacións marxinadas. Por outra parte, a testemuña, tanto de información coma de denuncia, forma parte da labor de Médicos Sen Fronteiras.

O Premio Nobel da Paz é o recoñecemento ó dereito das persoas a recibir asistencia humanitaria e a unha definición humana non unicamente técnica da asistencia, baseada na humanidade, a imparcialidade e maila independencia.

O Premio Nobel non é so para MSF. Premia a independencia e a imparcialidade como fundamentos que fan humanitaria a acción dunha asociación non gobernamental. A organización internacional de axuda médica humanitaria Médicos Sen Fronteiras (MSF) foi galardonada co Premio Nobel da Paz o 15 de outubro de 1999 en Oslo. Este Premio Nobel chegou nun intre no cal cada vez máis civís son víctimas da guerra e no que os principios humantarios están a ser atacados. Para os






voluntarios de MSF en todo o mundo, este Premio Nobel da Paz outorga un alto nivel de apoio público ó dereito das persoas a recibir axuda humanitaria.

O Premio Nobel non é so para MSF. Premia a independencia e a imparcialidade como fundamentos que fan humanitaria a acción dunha asociación non gobernamental.

"Mentres familias enteiras son expulsadas en Timor Oriental e mentres en todo o mundo miles de persoas son víctimas de conflictos que non fan titulares, este Premio Nobel é unha importante confirmación do dereito fundamental das persoas a recibir asistencia humanitaria e protección", declaraba o Dr. Miguel Ángel Pérez, Presidente de MSF en España.

"O Premio Nobel da Paz de hoxe é compartido por millóns de persoas que apoian o traballo e os principios de MSF e da asistencia humanitaria", explicaba Miguel Ángel Pérez. "Tamén é compartido por cada un dos nosos voluntarios e personal nacional que fan do dereito á asistencia humanitaria unha realidade", conclúe o Dr. Pérez.

Médicos sin Fronteras



ASOCIACIÓN DE EX-ALCOHÓLICOS DE FERROLTERRA

Unidade Asistencial en Drogodependencia destinada a Alcohólicos

Unha vez constituída a Asociación, xa ben entrado o ano 1972, por un grupo de enfermos en abstinencia e a innegable colaboración do Dr. Bobadilla Pardos, psiquiatra especializado en alcoholismo, marcáronse os primeiros obxectivos. Estes eran, por unha parte, o logro dun local social que servira para encontro dos enfermos e exénfermos de alcoholismo, centro de reunión e recreo, libre dos riscos contra os que se trataba de loitar e, tamén coma instrumento para desenvolvemento da Asociación e captación de socios.

Por outra banda, había que establecer un servicio permanente de atención psiquiátrica e médica en xeral para os enfermos de alcoholismo que permitira a súa recuperación para a vida normal.

Conxuntamente con estes obxectivos, había que mentalizar á Sociedade en xeral, na idea de que o alcohólico non é un vicioso, senón que se trata dun enfermo que necesita un tratamento médico, igual que calquera outro tipo de enfermidades.

Ningún deste pasos se presentaba nada doado de levar adiante, dado as escasas forzas de que dispoñía a recen creada Asociación.

Sen embargo, aquelo que considerabamos case imposible, púidose facer unha realidade por mor da entusiasta colaboración do Dr. Bobadilla e o traballo daqueles que sufrindo na nosa carne os diversos problemas ocasionados polo alcohol, descubrimos que, só traballando xuntos poderiamos vencer un dos grandes males que azotan á nosa sociedade.

Coa xestión acadouse un local, o cal precisou dunha reparación que, xa daquela, ascendeu en gastos á cantidade de 203.000 pesetas, sendo aportadas polos enfermos que decidíran a creación da Asociación.

Coa inestimable axuda do Dr. Bobadilla, acadouse para Ferrol un dispensario anti-alcohólico o cal, en principio, atendía el mesmo con outros especialistas. Entretanto, este servicio realizaba as consultas e distintas reunións de psicoterapias, realizábanse na propia consulta do doctor.

Logo de sufrir diferentes problemas co local no que se comezou a actividade, vémonos na obriga de abandonalo, procedendo a solicitar e conseguir que o concello de Ferrol, nos concedese outro local social, na rúa Madalena nº 204, que ata ese intre fora sede dos Scouts e que se trasladaran a outro local. Dende aquela ata a actualidade, a nosa labor desenvolveuse nese lugar.

A Asociación, dentro da loita diaria contra a enfermidade alcohólica, pelexou e acadou que se construíra en San Pedro de Leixa, no Hospital de Día, posto que, ata ese intre, os pacientes tiñan que atenderse no Dispensario do Porto, polos médicos dependientes de Conxo, os cales posterioormente remitían os enfermos á Asociación.

No transcorrer dos anos, ó comprobar que a atención ós enfermos alcohólicos, cada vez era máis deficiente e as consultas cada vez eran máis tardías, propúxose a conversión da Asociación nun Centro Asistencial. Foi concedido pola Xunta de Galicia e, traballase na actualidade coa devandita denominación. Asemade, esto obríganos a ter un personal adicado á atención dos doentes que acuden á Asociación, contando na actualidade con dous médicos, dous psicólogos, dous traballadores sociais, un graduado social, un administrativo, unha limpiadora e dez enfermos alcohólicos abstinentes, que compoñen a Xunta Directiva.

Tódolos servicios que se prestan na Asociación son totalmente gratuítos, dende a primeira consulta ata que se lle concede a alta médica, incluíndose o tratamento médico, psicolóxico (individual, de parella e de familia), seguimento de tódolos doentes, asesoramento sobre cursos e reinserción social do enfermo. En casos de necesidades económicas, inclúese o tratamento farmacolóxico.

Outra das actividades a salientar, é a prevención e información sobre a enfermidade alcohólica, da cal se realízan tódolos anos unha campaña, dirixida, nun principio, a tódolos escolares da zona de Ferrol e bisbarra; ademais lévanse adiante outras campañas dirixidas a colectivos determinados (mariñeiros de novo ingreso, empregados de grandes empresas, Asociacións de Veciños...) utilizando películas de vídeo, folletos informativos, diapositivas... Asemade, pódense realizar campañas de buzoneo polos distintos barrios da cidade e Ferrolterra.

Cada ano adícase un día ás 24 Horas Sen Alcohol, que se celebra en colaboración coa Federación de ExAlcohólicos de Galicia (FEXALGA) e, que dende hai varios anos, celebran tódalas Asociacións integradas na Federación. Durante ese día, organízanse unha serie de actividades deportivas, lúdicas, musicais e culturais, co gallo de dar a a coñece-la problemática da enfermidade alcohólica ante toda a sociedade.

Outra das actividades a salientar é a celebración dun Concurso de Redacción sobre Alcoholismo e que,

no presente ano cumprirá a súa V edición, sendo os destinatarios os escolares de Ferrol e bisbarra.

No apartado da financiación, podemos engadir que a Asociación, na maior parte, subsiste por mor dun Convenio asinado co SERGAS, dependente da Consellería de Sanidade, segundo o cal se nos abona unha determinada cantidade de diñeiro por paciente atendido. Asemade, existen convenios cos concellos de Ferrol, Narón e Mugardos. Outras subvencións veñen da Excma Deputación, Servicios Sociais da Consellería de Sanidade e da Fundación Barrié de La Maza, ademais das cuotas de socios, tanto de número coma de colaboradores. Aínda que todo isto semella suficiente, a realidade é que todas estas subvencións e convenios, apenas chegan para aboalas nóminas dos traballadores que desenvolven o seu labor nesta Asociación.

Para rematar, indicar que, dende hai tres anos e logo dun breve lapsus dun ano, voltamos a ter representación da Federación de Ex-Alcohólicos de Galicia, ostentando a presidencia e secretaría da mesma.

Xa por último lembrar que as nosas portas están abertas a toda aquela persoa que queira colaborar connosco ou que, precise dos nosos servicios. E que necesitamos contar cun meirande número de socios protectores ou colaboradores (particulares, empresas, persoas xurídicas, institucións...), para seguir a ofrecer unha asistencia en condicións a tódolos pacientes.



Antonio Ruzo
presidente da A.E.F.

¿Que é CHAVÓS?

Os nosos veciños xitanos

Despois de cincocentos anos de chegar os xitanos e xitanas ó Estado Español, non ten moita explicación que sigan a ser uns descoñecidos para a inmensa maioría da poboación.

Ó longo destes anos o pobo xitano foi adaptándose ós ritos e costumes das sociedades nas que viviu, cambiando os trazos da súa propia idiosincrasia para non sentirse sós entre nós.

Paralelo a esta adaptación, as políticas de asimilación potenciadas dende distintos organismos non conduciron á integración nin á mellora na convivencia das distintas comunidades existentes na nosa sociedade, senón á relegación dunha delas: a comunidade xitana.

Vaia dende aquí esta pequena reflexión coa que pretendemos que a mirada cara ó pobo xitano sexa dirixida de xeito solidario e igualitario, non incurrindo en doados paternalismos ou en "muros" de alonxamento. O camiño está no achegamento e un coñecemento individual que impida a xeralización do negativo, feito que constatamos dende o noso traballo diario na Asociación.

Debemos reflexionar, sequera por un minuto, en porqué ese veciño ou esa veciña xitana cos que nos cruzamos durante anos seguen a ser alleos para nós.


Alejandro C. Pernas

NACEMENTOS E OBXECTIVOS

A Asociación legalízase en xuño de 1986, impulsada polo colectivo Chavorré Calé, como resposta extaescolar cara ós rapaces e rapazas xitanos de Ferrolterra, de aí o seu nome: Chavós, que no idioma Kalóquere dicir rapaz. Estes mestres detectaron a necesidade de intervir cos menores xitanos non só na aula senón tamén no seu tempo libre, para proporcionarlles unha mellor formación e un acceso ós recursos e institucións da cidade.

Constatando no seu traballo voluntario que a inexistencia de recursos económicos impedían que puideran aumenta-las actividades, e incluso manter as que xa tiñan comezadas, xurdiu a idea da creación da Asociación.

Se nun principio o seu ámbito de actuación é Ferrol e comarca, no ano 1989, a partir das VIII Xornadas de Ensinantes don Xitanos celebradas na Coruña, amplíanse ás zonas de A Coruña e Compostela. Ampliando ademais o seu abano en canto na poboación obxecto, comezando a traballar con poboacións de tódalas idades, seguindo nesa liña de actualidade.

O obxectivo que inspirou a creación da Asociación e que segue hoxe a mover tódalas súas actividades pódese resumir en :

Con respecto ó pobo xitano. proporcionarlles as ferramentas necesarias para que poidan lograr en pé de igualdade a súa incorporación e convivencia coa sociedade maioritaria.

Con respecto á poboación non xitana, logra-la desaparición de estereotipos negativos dando a coñece-la cultura xitana e a súa realidade, dende un punto de vista positivo, non


Alejandro C. Pernas

deformada polo espello do racismo e o descoñecemento.

A Asociación ten dous centros de promoción de minorías étnicas, en Ferrol e Santiago, onde se desenvolven os Programas de Intervención con nenos, mozos e adultos, incidindo na muller xitana como elemento máis activo e dinamizador da comunnidade.

Áreas de intervención

INSERCIÓN SOCIO-LABORAL

Traballo social con familias
Orientación para o Emprego
Formación ocupacional
Charlas formativas parellas ós cursos
Programas de Acceso á vivenda
Plan de Erradicación do Chabolismo

EDUCATIVA

Atención Primaria á Infancia
Reforzo escolar
Alfabetización de Adultos
Graduado Escolar
Preparación de Oposicións

SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN

Programa Sócrates. Elaboración e difusión de materiais didácticos interculturais.
Charlas profesorado/alumnado
Cursos realiados en centros escolares impartidos por monitores xitáns


TEMPO LIBRE
Ludoteca
Saídas, ecxcursións
Campamentos
Actividades deportivas

Eido socio-laboral:
O Traballo Social coas familias inclúe información, atención de demandas puntuais, tramitación de prestacións e diagnóstico, seguimento e avaliación do proceso familiar.
O traballo en materia de emprego estructúrase en torno á formación laboral (con cursos de patronaxe industrial, carpintería, xardinería, perruquería, preparación de oposicións, etc.) e á orientación para o emprego a través do contacto con entidades mediadoras no mercado de traballo, realización de currículums...

Eido Educativo:
Esta área é o eixo principal da intervención, xa que a formación académica é o medio de procurar á poboación os instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento.

Eido de Tempo Libre:
Animación do tempo libre infantil e xuvenil co desenvolvemento de diversas actividades.

Eido de sensibilización e divulgación:
Dende Chavós, para dar a coñece-la cultura e a realidade do pobo xitano, entre as actividades deste área, elaboramos os "materiais para unha práctica intercultural", publicados na editorial Xerais. Estes están integrados por un conxunto de instrumentos formativos e de difusión en distintos soportes; impreso, vídeo, diaporama e CD-ROM.
O eixo dos materiais é o libro "O traballo da comunidade xitano-galega. Materiais para unha práctica intercultural".


Alejandro C. Pernas

Estes conceden especial importancia ós elementos audiovisuais no achegamento á cultura xitana. Os oficios estudiados acompáñanse de tres vídeos, de arredor de 12 minutos de duración cada un (Nosos amigos os chatarreros, Unha viaxe cos nosos veciños os xitanos polos mercadillos galegos e Imos ´sa marea). e dous diaporamas.
O material complétase cun CD-ROM divulgativo que permite navegar pola realidade do pobo xitano e a comunidade xitana de Galicia.
O deseño deste material cos seus múltiples soportes, permite obter del usos e aplicación amplas, non só a niveis educativos, senón tamén na formación de adultos, na intervención social, en actuacións de sensibilización ou como instrumento de divulgación.
O valor principal dos materiais é a súa capacidade de converter os nosos prexuízos nunha apaixoante viaxe a outro pobo e cultura.

"Ó distanciarnos doutros pobos afondamos na ignorancia"
Yehudín Menuhín

Aspaneps

Asociación de pais de nenos con problemas psicolóxicos e sociais

AS-PA.NE.P.S. (**Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicolóxicos e Sociais**), xurde en 1980 dende a iniciativa dun grupo de pais que buscaban atención psicolóxica e social á problemática dos seus fillos, constituíndose coma asociación sen ánimo de lucro para dar resposta asistencial ás necesidades psicolóxicas e sociais da poboación infanto-xuvenil e ás súas familias.

A historia desta asociación non é allea ó movemento social que caracterizou a bisbarra nas últimas décadas e ó longo destes anos foi aglutinando esforzos para levar adiante diversos programas de intervención, tanto directamente sobre o neno e a súa familia coma con diferentes institucións (escolares, sociais, sanitarias...), que desen respostas normalizadoras que permitisen ó neno e á súa familia ser suxeitos activos no seu proceso de cambio.



Na actualidade, esta institución ocupa un lugar de referencia para a infancia e a adolescencia dende o punto de vista da súa atención psíquica e social e amósase aberta á sociedade no seu conxunto, para poder canalizar a través dela, diferentes inquietudes e intereses na procura do benestar social dos nenos e os xoves e, asemade actuar coma portavoz das necesidades psicosociais da infancia tronte á Administración.

Coidamos que os fins, que de comezo impulsaron o nacemento da Asociación, permancen aínda vixentes e seméllanos necesario salientar, dende a experiencia acumulada ó longo destes anos, a importancia de que na comunidade se reflexione sobre a infancia; os recursos de que dispoñen os nenos para acadar un desenvolvemento saudable, os seus intereses, as dificultades coas que se atopan as familias para levar a bo termo a crianza dos seus fillos..., fomentando o debate necesario para seguir facendo transformacións, ecamiñadas na procura dun meirande benestar social.

Para a consecución dos seus obxectivos desenvólvense unha serie de programas regulados a través de convenios coa Administración Autonómica e a Administración Local, que finacian a asistencia prestada, non sendo necesario ser socio da entidade para facer uso destes servicios, que quedan inegrados na rede socio-sanitaria de servicios públicos para a infancia e a xuventude:

Estes son os seguintes :

- Atención á saúde mental infantil-xuvenil.
- Asistencia social especializada de apoio ó neno que presenta necesidades educativas especiais.
- Asistencia social especializada de intervención con familias.
- Reinserción social especializada. Pre-Talleres para xoves.

Ten un ámbito de actuación estatal, aínda que a súa zona de maior influencia é Ferrol e concellos limítrofes (a chamada área sanitaria de Ferrol), estando a súa sede social localizada nesta cidade, na rúa Alegre, 6, baixo. CP 15401 (Tlfnos. : 981-359570 / 359533 Fax)

A nosa aspiración é seguir a ofertar ás familias respostas para a solución dos seus conflictos, axeitándonos ás novas demandas e novos retos que a sociedade nos formula, e coa convicción de axudar a que a infancia reciba os apoios necesarios, para acadar un desenvolvemento saudable o que contribuirá a acada-los niveis de satisfacción na convivencia diaria.





Program

As actividades recadradas son aquelas que se re

XANEIRO

MARTES 9 (20.30 H.)
Inauguración Exposición Infantil de Medio Ambiente do Certame
O NOSO ENTORNO
do martes 9 ó 17 de xaneiro



XOVES 18 (17.30 H.)
Mesa Redonda Infantil:
O NOSO ENTORNO



VENRES 19 (20.30 H.)
Inauguración da Exposición :
A LEI DOS NENOS
do venres 19 ó mércores 31 de xaneiro



MARTES 23 (20,30 H.)
CICLO :
"TORRENTE BALLESTER NO CINE"
Mesa Redonda e Presentación do libro:
"GONZALO TORRENTE BALLESTER Y EL CINE ESPAÑOL"



MÉRCORES 24 (20,30 H.)
Mesa Redonda:
A LEI DOS NENOS

XOVES 25 (20,30 H.)
Ciclo:
OS NOSOS BARRIOS (Infraestructuras)
Mesa Redonda:
FERROL VELLO - ARGÜELLES



VENRES 26 (20,30H.)
SEMANA da PAZ
Recital de Poesía


MARTES 30 (17,00 H.)
SEMANA da PAZ
Teatro Infantil

MARTES 30 (20,30 H.)
CICLO :
"TORRENTE BALLESTER NO CINE"
"SURCOS".
Director: José A. Nieves (1951)
SEMANA da PAZ



MÉRCORES 31 (20,00 H.)
FESTIVAL da PAZ

FEBREIRO



VENRES 2 (20.30H.)
Inauguración Exposición de:
"CASTELAO E NOS"
do venres 2 ó martes 13 de febreiro

MARTES 6 (20,30 H.)
CICLO:
"TORRENTE BALLESTER NO CINE"
"REBELDÍA".
Director: José A. Nieves Conde (1953)



XOVES 8 (20,30H.)
CICLO:
OS NOSOS BARRIOS (Infraestructuras)
Mesa Redonda: A MAGDALENA

MARTES 13 (20,30 H.)
CICLO:
"TORRENTE BALLESTER NO CINE"
"EL REY PASMADO".
Director: Imanol Uribe (1991)

VENRES 16 (20.30 H.)
Inauguración Exposición de Pintura de:
ALFREDO PRADOS CASAL
do venres 16 ó martes 27 de febreiro

MARTES 20 (20,30 H.)
CICLO:
"A MULLER NO CINE ESPAÑOL"
"CALLE MAYOR"
Director: Juan Antonio Bardem (1956)



XOVES 22 (20,30 H.)
CICLO:
OS NOSOS BARRIOS (Infraestructuras)
Mesa Redonda: SÁNCHEZ AGUILERA

mación

alizarán fóra das instalacións do Ateneo Ferrolán



MARZO





VENRES 2 (20.30 H.)
Inauguración Exposición de Escultura:
Certame Feitura. Eidos. Escultura 2001
do venres 2 ó martes 13 de marzo

LUNS 5 (20.30H.)
A MULLER NO SÉCULO XXI
Inauguración Exposición sobre a MULLER:
do luns ó martes 13 de marzo

MARTES 6 (20,30 H.)
CICLO : "A MULLER NO CINE ESPAÑOL"
"LA TÍA TULA".
Director: Miguel Picazo (1963)








MÉRCORES 7 (20,30 H.)
A MULLER NO SÉCULO XXI
Mesa Redonda:
"OS MALOS TRATOS"

XOVES 8 (20,30 H.)
A MULLER NO SÉCULO XXI
Conferencia:
" A MULLER NO SÉCULO XXI "

SÁBADO 10 (20 HORAS)
A MULLER NO SÉCULO XXI
CONCERTO: FIADEIRO MUSICAL
Presentación do Disco
"4 MULLERES. 4 VOCES. 4 ESTILOS"
con:
Paloma Suanzes
Claudia Campos
María Manuela
Julie Guravich
Lugar: Auditorio da FIMO



MARTES 13 (20,30 H.)
CICLO: "A MULLER NO CINE ESPAÑOL"
" MI HIJA HILDEGART"
Director: Fernando Fernán Gómez (1977)

MERCORES 14 (18,00 H.)
TEATRO INFANTIL
Grupo Asteriode B-612
"O Principiño" de Saint Exupery

XOVES 15 (20,30 H.)
Ciclo: OS NOSOS BARRIOS
(Infraestructuras)
Mesa Redonda:
RECEMIL

VENRES 16 (20.30 H.)
Inauguración Exposición do Ateneo Ferrolán:
25 anos de PATRIMONIO
do venres 16 ó martes 27 de febreiro

MARTES 20 (20,30 H.)
CICLO: "A MULLER NO CINE ESPAÑOL"
"PECATA MINUTA"
Director: Ramón Barea (1998)

MÉRCORES 21 (9,30 H.)
CONGRESO de PATRIMONIO

XOVES 22 (9,30 H.)
CONGRESO de PATRIMONIO

VENRES 23 (9,30 H.)
CONGRESO de PATRIMONIO

Colaboran:
Concellería de Cultura de Ferrol
Dirección Xeral de Xuventude
Universidade da Coruña. Campus Ferrol
Caixa Catalana de Pensións

SÁBADO 24 (22,00 H.)
VODAS de PRATA
ATENEO FERROLÁN
26 de marzo de 1976
26 de marzo do 2001



VENRES 30 (20.30 H.)
Inauguración da Exposición:
RAFAEL MORANO MORA
do venres 30 ó martes 10 de abril

Bulimia e anorexia nerviosa

Unhas doenzas destes tempos



Nun mundo dividido, case por enteiro, entre miseria e opulencia, resultan pouco comprensibles as vastas dificultades, para que cada grupo social deixe de mira-lo seu propio embigo e colla conciencia de que os demais non sexan, por ningures, inimigos ou simples obxectos de explotación.

E por iso que, en troco de vencella-los vínculos de unidade, parentesco de cultura e costumes ou a simple condición humana, semella que a tendencia, no momento presente, baséase na elevación de novas barreiras e feitos diferenciais, ás veces ó prezo de enterra-los mínimos de convivencia e veciñanza. Estas actitudes, por desgracia moi pouco novidosas na historia da humanidade, constitúen xermolos de xenreiras, que xorden coma forzadas catarses recorrentes, nunha espiral de volutas medrantes a cada pouco, que moitos tiveron por remata-das, ó termo das dúas guerras mundiais.

Dende os tempos de Copérnico e Kepler, resulta ben sabido que, no globo terráqueo, os camiños opostos levan ó mismo punto final e iso, en concreción, ten ocorrido tanto coas consecuencias da carencia coma da sobreabundancia de alimentos.

A falla de nutrientes básicos determina as imaxes arrepiantes dos nenos famentos, víctimas do "Kwashiorkor", esqueletos camiñantes coa pel en colgarexos sobre dunha chamativa inchazón abdominal, producto do esgotamento das reservas proteicas e tamén da insuficiencia do fígado. Por outra banda, se nas épocas miserentas avalíase coma moi fachendosa a boa alimentación, ata o punto de constituír inequívoco sinal de riqueza, a libre dispoñanza e facilidades para acadar viandas á eito, remata por produci-lo efecto, non aínda máis difícil, de estimar coma elegante e distinguida á maior delgadeza.



Tres modas hai no presente, que conculcan comportamentos imitativos na masa humana mellor dotada de recursos: o mito da xuventude, entendido como etapa vital perfecta, a obsesión por mante-lo estado de saúde propio deses anos e, mesmo, a arela por conserva-la beleza física xuvenil, en toda idade e calquera evento, ata chegar algunhas veces á compulsión, favorecida por pseudo-percepcións autóxenas.

Dese xeito, o canon a seguir para moitas rapazas do mundo rico son, por iso, as modelos de pasarela, esveltos corpos escuálidos, ós que non se demanda, a cotío, moito cerebro para exercer unha función, deseñada nalgúns casos por mentes extravagantes e case que sempre orfas duns coñecementos mínimos de anatomía e, sobre de todo, de fisioloxía.

Sen entrar na análise pormenorizada da súa causalidade psicolóxica e neuro-psiquiátrica, no noso medio, a anorexia nerviosa (A.N) ou anorexia restrictiva adoita aparecer en mozas xoves, que padecen unha distorsión da imaxe do seu propio corpo, feito que as leva a perder máis do 25% do seu peso corporal. A frecuencia en varóns acontece máis ou menos na décima parte dos casos.

Aínda sendo un trastorno de orixe descoñecida, no que se poden inter-relacionar diversos factores biolóxicos, incluídos os xenéticos, conviría



recorda-la influencia que exercen, coma desencadeantes, a conflictividade familiar interna, o exceso de rigor disciplinario na educación e tamén a presencia dalgún proxenitor moi dominante, co resultado da expresión no máis débil -neste caso, a paciente- de graves problemas de convivencia, moitas veces encobertos ou disfraza-dos.

Outro momento singular da manifesta-ción do mal, pode se-lo intercurrente coa disolución da parella por divorcio, separación ou incluso pola simple interrupción da convivencia marital, aínda por baixo do mesmo teito, sen que tampouco esquezamo-la posible relación coa inxestión de drogas.

As estatísticas da A.N. nos países máis desenvoltos, revelan que chega a afectar ata a dúas de cada cen rapazas noviñas, entre os 12 e os 18 anos. A enfermidade xorde en tres variantes, chamadas: anorexia nerviosa ou restrictiva, bulimia nerviosa (2-8%) amais a bulimorexia ou anorexia bulímica.

Coma rasgos típicos na alteración do comportamento alimentario, as anoréxicas adoitan escomezar, entre os 16-30 anos, por un temor progresi-vo ós manxares ricos en calorías, que conclúen por rexeitar; a iso segue despois unha preferencia polos alimentos hipocalóricos, que van consumindo ós poucos en cantidades máis reducidas, rematando nun final paradoxal cun desenfreo de doces,



pasteis, chiculates ou xelados, por tras de períodos variables de xexún.

Na relación persoal con este tipo de pacientes, hai que estima-la la conveniencia de evitar emocións negativas, coma ter tamén moi en conta ó nivel socio-económico e cultural das anoréxicas, cáse-que sempre medio ou alto, e mesmo a hipermotividade, tan habitual nelas.

Se tratando por iso dunha maioría de mozas inestables, ansiosas, perfeccionistas e con sensibilidade rechamante, tan amosadoras de inseguridade coma de dependencia afectiva, elas mesmas acostuman tentar compensa-la disfunción alimentaria e mailo transtorno afectivo, urdindo xustificacións insidiosas para os seus propios actos e artellando mecanismos persoais de auto-punición, que chaman a atención dos máis achegados, que estean arredor delas.

As consecuencias clínicas da anorexia comezan pola progresiva perda de peso e proseguen por unha hiperactividade, que adoita rematar en depresión, estreñimento con dispepsia, intolerancia ó frío e diminución progresiva da líbido, ata chegar a súa práctica desaparición.

Outros achados clínicos de notable interese poden ser: a tensión baixa, o enlentecemento do ritmo cardíaco, os edemas, a elevada taxa sanguínea de carotenos e, amais diso, unha curiosa diabete insípida, pola que perden grandes cantidades de auga corporal; sendo preciso recordar que, para a correcta resolución de varios dos problemas citados, pode ser precisa a hospitalización das doentes.

A diferencia da forma restrictiva habitual, na bulimia, as pacientes, que adoitan presentar un peso estimado coma normal en relación co seu talle esquelético, sofren incremento de apetito ou antollos cara a determinados alimentos, que moitas veces consumen en segredo ou coa maior discrecion, ós que segue á vomizón ou golsamento inducida por elas mesmas, para concluír na adopción de dietas restrictivas, con períodos intermitentes de xexún, como tamén no emprego inmoderado de fármacos e sustancias diuréticas e laxativas, co gallo de conseguir una perda efectiva de peso, sen ter en conta criterio algún de normalidade ponderal.

Algunhas rapazas bulímicas amosan os dedos ou nocelos das mans amolecidos ou ben hiperpigmentados, por mor de lles servir para forza-lo vómito, coma tamén erosións dentais ou irritación arredor da boca, causada polo acedume das regurxitacións. Nalgunhas delas pódese asemade apalpa-las glándulas salivares acrecentadas e mesmo se lle atopar inchazo nas pernas ou faciana.

O abuso de laxantes e diuréticos pode conducir a trastornos hidro-electrolíticos do medio interno, con diminución dos contidos sanguíneos en potasio, cloro e sodio, que algunhas veces se mestura coa chamada acidose metabólica, inducida pola carencia de glucosa, responsable ela mesma dos elevados niveis atopados, tanto de ácidos graxos libres coma do tamén ácido beta-hidroxi-butírico. Outros achados analíticos rechamantes proceden da alcalose paradoxal e da baixa ou moi baixa tasa plasmática de noradrenalina.

A efectos menstruais, os carotenos elevados son responsables da diminución dalgúns péptidos hipotalámicos (GnRH), de maneira que se abaixa a producción de hormonas gonadotrópicas hipofisarias, e as pacientes van espaciando as súas hemorraxias menstruais, ata quedar sen elas-é dicir, en amenorrea-. A iso contribúe tamén a diminución do peso corporal. Un certo número desas mulleres achégase ós consultorios xinecolóxicos, expoñendo problemas reproductivos de infertilidade ou esterilidade.

A perda da líbido, que pode dexenerar en vaxinismo, é orixe de conflictos psicosomáticas diversas, entre eles a dor pelviana inespecífica ou os síndromes de Allen-Master e de conxestión pélvica. Daquela escomezan os daniños efectos do deterioro cutáneo, vascular, hepático e mesmo da osteoporose, que rematará no desarelado efecto do envellecemento precoz e, despois dun tempo, das fracturas patolóxicas dos osos, sen mediar traumatismo algún.

Os trastornos menstruais son menos frecuentes nas mozas bulímicas. Nelas salientan as dores abdominais e do estómago, as hernias esofáxicas amais da parede abdómino-pélvica, coma tamén unha tendencia compulsiva cara ás conductas antisociais ou ben ó consumo de drogas e alcohol, o que, por baixo de certas situacións acaba por levar a estas enfermas cara á intentos de suicidio. Todo iso fai moi preciso un entendemento verdadeiro destes males tan reais coma perigosos, considerados moitas veces coma froitos extravagantes dunha idade xuvenil, que non precisa senón de madurecer para eliminalos. Conviría, xa que logo, que este grave erro non aprofundase máis.



E. Jiménez Gómez
Médico Xinecólogo

Busco un heróe



Queridas perplexas:
Así comezaba no século pasado o Don Juan daquel poeta xenial, incestuoso, apaixoado, algo coxo, excéntrico e romántico que se chamou, para gloria das letras, Lord Byron. Aínda que, tamén advertía que a búsqueda é pouco frecuente. Dado que cada ano e cada mes inventamosnos un. Ata que, tras enche-las revistas co seu palique, a xente descubre que non é auténtico.

¡Qué descubrimento!.. Resulta que no século pasado a prensa tamén estaba infestada de héroes de pacotilla, cunha ventaxa adicional sobre nos: caer na conta da súa falsedade. Certamente, no hai nada na historia da humanidade que non se repita. O malo son as poucas ensinanzas que sacamos desas repeticións.

Dígoo porque voltamos á España cutre e "Cañí", aquela de fandango, peineta e bata de cola, só que desta volta, baixo os efectos extraordinarios dunha pantalla de televisión. ¿Por qué tratamos de superar a nosos antepasados? E o malo é que esta situación non semella causa do azar ou dun capricho, senon feita deliberadamente, por uns arquitectos da manipulación cunha soa idea na cabeza.

Esto explicaría que aqueles que reflictan unha miseria de intelixencia sexan considerados benefactores da humanidade e exemplo a seguir. E isto explicaría a ascensión meteórica dalguns galopíns e vividores cunha única calidade humana como é se-la pantomima ridícula que entreten ós telespectadores do país. Pola contra, a min sempre deume que pensar que a fama e mailo éxito desta xente sin mollera sobrepase á dos grandes pensadores do espírito. Porque aquí estamos a falar de descerebrados ofrecidos ó pobo como mitos e símbolos. E isto non tería explicación a non ser que o propio poder, queira contaxiarnos con mala intención.

¿Esaxero?. Para nada. Únicamente quero falar de que xa non aturo un día máis as correrías da Rociito, e que vivo no santo temor dos deuses dende que a filla da Faraona ameazóume con escribi-las súas memorables memorias supeditadas ó respetuoso caos de sensacións, que recibiu no útero materno.

Créanme, non hai antídoto contra tanta calamidade; non en vano estamos nun país onde chámaselle "Maestro" ó que se arrima ó touro e ós pensadores honrados, deixámolos á boa de Deus.

Solución: ter reflexos. Os políticos non engañan dende o intre que utilizan unha televisión pública para anestesiar a un país. Por sorte teño ó alcance da man a tódolos Byrons, tódolos Voltaire, a tódolos Juvenales, Petronios, Plutarcos, Sófocles ou Terencios, que se me veña en gana. E si me atopo moi rompedora, nada como "La infernal grandeza" do Marqués de Sade para alentar á revolución.

Sempre no compromiso

Pepa Beltrán



GONZALO TORRENTE BALLESTER

ENTRE GOZOS E SOMBRAS CHINESCAS

Ainda que a obra literaria de Gonzalo Torrente Ballester foi obxecto de múltiples revisións e interpretacións, sen embargo, ata agora, a súa colaboración cinematográfica pasouse por alto, por parte de críticos literarios e historiadores do cine. Era obrigado, polo tanto, facer un estudio da súa tarefa como guoinista en películas filmadas nos anos cincuenta baixo a dirección de José Antonio Nieves Conde e as adaptacións levadas adiante en 1981 por Rafael Moreno Alba con "Los gozos y las sombras" e "El rey pasmado" Imanol Uribe dez anos máis tarde.



Recentemente, no Festival de Cine Independente de Ourense rendíuse homenaxe a Torrente Ballester pola súa aportación ó cine español. Por vez primeira fíxose unha revisión do seu traballo breve cantidade, mais decisiva na súa calidade- no libro "Gonzalo Torrente Ballester y el cine español (2000)" no cal, por parte de historiadores e críticos analizan, cun tratamento en profundidade, as películas nas cales interviu, dende diferentes perspectivas o cal enriquece a súa panorámica e visión global.

O seu labor cinematográfico podemos velo en tres ámbitos. Por un lado, como dicimos, a súa colaboración co director segoviano Nieves Conde, nas películas "Llegada de noche", de 1949, "El cerco del Diablo" (1950-1952), "Surcos" (1951) e "Rebeldía" (1953). A primeira, é un filme baseado na obra honómina de Hans Rothe cunha adaptación e guión de Carlos Blanco. Nesa ocasión, Torrente Ballester, chamado por Nieves Conde só supervisou e correxiu os diálogos. A película conta as aventuras e desventuras dunha xove arxentina que chega a Sevilla a últimos do século XIX- acompañada da súa nai para coñece-la súa famosa feira. O filme, interpretado pola actriz Adriana Benetti, contou coa colaboración de Antoñita Moreno cantante moi en boga naquelas alturas.

Rexeitado o guión de "La estrella de Sevilla" (1950) pola censura, catalogado como improcedente e antimonárquico, en 1951 estréase "Surcos", un filme de ruptura ó amosar, por vez primeira e en pantalla grande, imaxes crúas e insólitas no cine español daqueles tempos. Considerada coma unha película emblemática na historia da nosa cinematografía, "Surcos" narra as peripecias dunha familia labrega de Salamanca que chega a Madrid co propósito de mellora-lo seu nivel de vida. Imos asistir á visión amarga duns personaxes nun intre no cal o éxodo rural era algo cotián na España dos anos cincuenta. Unha vez alí, vivirán realugados na casa duns parentes mentres cada un anda á procura dun medio de ganarse a vida. Retratados coma "surcos no asfalto", prisioneiros da humillación e da desgracia, logo de múltiples desilusións e calamidades deciden regresar á vila de onde partiron.

Aínda que nos títulos de crédito se amóse o contrario, o certo é que Torrente Ballester foi o autor único do guión de "Surcos". Por todos é sabido, ademais, que a man censora prohibiu algúns diálogos da película e na escena final, onde a familia se cruzaba na estación con outro grupo de labregos, así como a concesión de Interese Nacional e a posterior calificación de "gravemente perigosa" provocaron a dimisión do entón director xeral de Cinematografía, José María García Escudero.

Ademais desta oposición campo-cidade sintetizada no clásico alexandrino barroco menosprezo de corte e loubanza de aldea, a película aborda outros temas non menos fortes: o paro, os negocios criminais, a miseria, a prostitución encuberta e o desarraigo e a desintegración familiar.

Durante ese período, Torrente Ballester colaborará de novo con Nieves Conde nun sketch realizado man a man con outros directores Antonio del Amo, Edgar Neville, Enrique Gómez, Arturo Ruiz Castillo- en "El cerco del diablo" (1950-1952). Cada un deles dirixíu un episodio sobre un tema xenérico: a loita do home entre o ben e o mal, entre o Anxo e o Demo. Hoxe non se conserva ningunha copia.

Logo de elaborar algúns guións rexeitados pola censura, Nieves Conde e Torrente emprenden unha nova aventura: leva ó cine unha obra de Pemán, "La luz de la víspera" da que só coñecían o esquema argumental. É daquela cando se roda unha estraña pero non menos interesante- película en coprodución con Alemania. Silenciada en moitas antoloxías e por historiadores do cine, "Rebeldía" protagonizada pola actriz arxentina Delia Garcés, o alemán Von Collante e Fernando Fernán Gómez xira arredor do tema da caridade. Na mesma, o toque persoal torrentino aparece sutilmente no erotismo que impregna algunhas secuencias e na





ironía que destilan os diálogos dos personaxes. Como a definira Santos Zunzunegui, en unha "rara avis", inxustamente repregada ó esquecemento.

Non ten dúbida, que foi a todopoderosa televisión quen permitiu o salto de Torrente Ballester ó coñecemento popular. A emisión pola ventá electrónica, en 1982, da triloxía "Los gozos y las sombras" (1981) foi a aldrabada para o seu coñecemento e recoñecemento definitivos. Recentemente foi considerada como unha das mellores series emitidas pola televisión española.

Poderíase falar exhaustivamente dese microcosmos e dos personaxes que habitan o universo de Pueblanueva del Conde así como da súa adaptación televisiva. En resumo, pódese considerar coma un estupendo exemplo do diálogo entre a mellor literatura e a cultura de masas, do talento de axeitar en imaxes unha apaixoada e profunda historia que revela un magnífico labor de equipo á hora de sintetizar as máis de mil cincocentas páxinas desa triloxía. Sen embargo, tamén se poderían anotar algunhas "apostilas". Por unha banda, aínda que se ten respetado a esencia da historia, tamén se teñen omitido moitos capítulos da novela e por outra banda, comenta-la actuación un tanto desigual dos intérpretes soberbia por parte de Charo López, Eusebio Poncela, Rosalía Dans, Carlos Larrañaga ou Amparo Rivelles, irregular noutros-, e incidir que o universo torrentino non é tan liñal e uniforme como o describíu a serie de televisión. Non obstante, non ten dúbida que foi un reto complicado e que o resultado obsérvase no magnífico fresco dos acontecementos relatados, na autenticidade do universo torrentino e na forza dos seus personaxes.

Anos máis tarde, en 1991, Imanol Uribe decide levar ó cine "El rey pasmado", basada na "Crónica de el rey pasmado" (1989). Construída como parodia de película histórica, a película narra un "episodio" do suposto Felipe IV que, logo de pasar unha noite coa prostituta máis cara da vila, decide ver á súa muller, a raiña, núa. Diante nosa desfilan os principais persoeiros da corte dese rei Austria: cortesáns,



altos mandatarios, clero, inquisición, villanos... O tema principal da película como na obra literaria- xira arredor da pregunta: ¿é certo que o castigo divino que merecen os pecados do rei ten aplicación para os seus súbditos?. Unha divertida historia, sen dúbida, con tintes de comicidade e non libre de ironía e crítica cara a un intre da historia de España que, doadamente, se pode trasladar ós nosos días.

Ademáis desas facetas de guionista e supervisor xeral en "Los gozos y las sombras", Torrente Ballester desenvolveu un importante labor periodístico. En moitos dos seus artigos escritos entre as décadas dos sesenta e dos oitenta, foi crítico sagaz e irónico, comentarista ocasional de estreas e de películas que suscitaron o seu interese. Apaixoado das verbas, da música, da fotografía, do teatro..., do cine, simbiose de tódalas artes, sempre tivo ese lugar singular e preferente na súa vida.

Veremos pois, neste ciclo que organiza o Ateneo Ferrolán, a colaboración de Torrente Ballester no cine a través das películas de José Antonio Nieves Conde, que hoxe se conservan: "Surcos" e "Rebeldía" así como "El rey pasmado" para "coñecer e recoñecer" ese perfil tan interesante como valioso do Señor de las palabras.

Aurora Vázquez Aneiros é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Valladolid.

Aurora Vázquez Aneiros



Program

30/01/01 - 20,30
SURCOS
(José Antonio Nieves Conde, 1951)

Producción: Atenea Films S.L. (Madrid).
Xefe de producción: Felipe Gerely, Francisco Madrid.
Nacionalidade: Española.
Argumento: Eugenio Montes.
Adaptación e diálogos: Natividad Zaro, Gonzalo Torrente Ballester.
Guión (técnico): José Antonio Nieves Conde.
Fotografía: Sebastián Perera.
Música: Jesús García Leoz.
Cancións: "Cantares de la luna" (letra de Manuel Mur Oti), "Mantón verbenero" (letra de José Vega), ambas con música de Jesús García Leoz.
Montaxe: Margarita Ochoa.
Decorados: Francisco Labrada. Cór: B/N.
Estudios: Sevilla Films (Madrid). Rodada en: Barrios de Lavapiés, Atocha, Legazpi, Embajadores e Estación do Norte (Madrid).
Estrea: Palacio da Prensa (Madrid), o 12 de novembro de 1951
Duración: 90 minutos. Premios: C.E.C., á mellor película, mellor director (José Antonio Nieves Conde), mellor actriz secundaria (Marisa de Leza), mellor actor secundario (Félix Dafauce). Terceiro premio do Sindicato Nacional do Espectáculo.
Intérpretes: Luis Peña ("El Mellao"), María Asquerino (Pili), Francisco Arenzana (Pepe), Marisa de Leza (Tonia), Ricardo Lucía (Manolo), José Prada (Manuel Pérez, o pai), Félix Dafauce (don Roque, "El Chamberlain"), María Francés (a nai), Marujita Díaz (Marujita Díaz), Carmen Sánchez (Engracia), Montserrat Carulla (Rosario), Manuel de Juan (titiriteiro), Mary Merche (xove), Francisco Bernal ("limpia"), José María Martín, José Villasante (amigos), Félix Briones (obreiro), Ramón Elías (tendeiro), Casimiro Hurtado (rateiro).
Sinopse:
Considerada pola crítica como unha película de corte neorrealista, cun guión de Gonzalo Torrente Ballester, relata as peripecias dunha familia campesiña de Salamanca - integrada polos pais e tres fillos: Pepe, Tonia e Manolo - que chega a Madrid a comezos dos anos cincuenta onde espera mellora-las súas condicións de vida. Unha vez alí, vivirán realugados en casa duns parentes mentres buscan un medio de gana-la vida. Sen embargo a vida na cidade non lles ofrece aquelo co cal soñaran. Finalmente, tras moitos avatares, desgracias e humillacións, regresar á vila de onde partiron.

SURCOS





13/03/01 - 20,30
MI HIJA HILDELGART
(Fernando Fernán Gómez, 1977)

Producción: Valentín Panero Sanz.
Productores executivos: Luis Sanz e Alfredo Matas.
Nacionalidade: Española.
Argumento, guión e diálogos: Rafael Azcona e Fernando Fernán Gómez, basendo no libro "Aurora de sangre" de Eduardo Guzmán.
Fotografía: Cecilio Paniagua.
Música: Luis Eduardo Aute.
Montador: Rosa Graceli Salgado.
Decorados: Luis Vázquez.
Intérpretes: Amparo Soler Leal (Aurora), Carmen Roldán (Hildelgart), Manuel Galiana (don Eduardo), Carlos Velat, Pedro Diez del Corral, José María Mompín, Ricardo Tuncidor, Maribel Ayuso, Luisa Rodrigo, Guillermo Marín (presidente do Tribunal).
Sinopse: Segundo reza o frontispicio ó comezo do film, durante os primeiros días do mes de maio do ano 1934 tivo lugar diante dos tribunais de Xustiza de Madrid, a vista da causa contra a ferrolá dona Aurora Rodríguez Carballeira. Os feitos que se narran refírense a ese proceso e ás circunstancias que o precederon".



20/03/01 - 20,30
PECATA MINUTA
(Ramón Barea, 1998)

Producción: José María Lara P.C. e ALOKATU S.L. coa participación de Canal Plus, ETB e mailo apoio do goberno vasco.
Productor: Txepe Lara.
Nacionalidade : Española.
Guión: Felipe Loza, Ramón Barea. Montaxe: Julia Juaniz.
Música: Ramón Torre Lledo.
Fotografía: Kiko de la Rica.
Dirección artística: José Ibarrola. **Laboratorios:** Madrid Film.
Rodada en: Gordexola (Bizkaia), Obarenes (Burgos).
Intérpretes: Elena Irureta (sor Rufina), Loli Astoreka (sor Asun), Ane Gabarain (sor Rosarito), Aitzpea Goenaga (sor Remedios), Itziar Lazcano (vicepriora), Ione Irazabal (priora), María Isbert (sor Dolores), Maruchi Fresno (sor Aurora), Mariví Bilbao (sor Genara), Carlos Lucas (don Eleuterio), Elena Dueñas (prefecta), Ramón Ibarra (Joselito), Paco Sagarzazu (bispo), Pilar Rodríguez (ecónoma), Consuelo Apo (postulanta guineana), Josefina Loribo (postulanta guineana), Cristina Gómez (Fany),? (sor Castora)
Sinopse: Tres monxas dun convento deciden fuxir durante uns días para coñecer como segue o mundo fóra dos muros do mosteiro. Mentres planean a súa fuxida, unha serie de acontecementos perturban a tranquilidade da abadía e de todo o grupo de singulares monxas.

06/03/01 - 20,30
LA TÍA TULA
(Miguel Picazo, 1963)

Producción: Eco Films, Surco Films.
Nacionalidade: Española.
Guión: José Miguel Hernán, Luis Sánchez Enciso, Manuel López Yubero, Miguel Picazo.
Baseada en: "La tía Tula", autor adaptado Miguel de Unamuno.
Fotografía: Juan Julio Baena.
Música: Antonio Pérez Olea.
Decorados: Luis Argüello.
Duración: 118 min.
Intérpretes: Aurora Bautista (Tula), Carlos Estrada (Ramiro), Mary Loli Cobo (Tulita), Carlos Sánchez Jiménez (Ramirín), Enriqueta Carballeira (Juanita), Irene Gutiérrez Caba (Herminia), Lali Soldevila (Amalita), Montserrat Julio (Paquita), José María Prada (Padre Álvarez), Manuel Granada (tío Pedro).
Sinopsis: Á morte da súa irmá Rosa, Tula leva a vivir á súa casa ó seu curmán Ramiro e ós seus dous sobriños, Tulita e Ramirín. A vida en común de ámbolos dous vólvese difícil e tensa diante do desexo de Ramiro cara á súa curmá. Sen embargo, Tula, atormentada polas intencións do mesmo, recházao e négase a casar con el para non quebranta-la memoria da súa irmá.





de Cine



06/02/01 - 20,30

REBELDÍA / DUELL DEL HERZEN

(José Antonio Nieves Conde, 1953)

Produción: Osa Films (Madrid) - Imago P.C. (Madrid) - AAFA Filmproduktion (Munich).
Xerentes de coprodución: Manuel Torres Larrodé, Albino Sanz, H. G. Hübner. **Xefe de produción:** Joaquín Cuquerella.
Nacionalidade: Hispano-alemana.
Argumento: O drama La luz de la víspera, de José María Pemán.
Adaptación, diálogos e guión literario: Gonzalo Torrente Ballester.
Guión (técnico): José Antonio Nieves Conde.
Fotografía: Francisco Sempere.
Música: Miguel Asíns Arbó.
Montaxe: Margarita Ochoa.
Decorados: Antonio Labrada.
Laboratorios: Ballesteros (Madrid).
Estudios: Sevilla Films (Madrid).
Rodada en: Altea, Benidorm, Javea e Guadalajara.
Estrea: Cine Avenida (Madrid), o 22 de abril de 1954.
Duración: 92 minutos.
Intérpretes: Delia Garcés (Margarita), Fernando Fernán Gómez (Federico Lamuza), Volker von Collande (Carlos Moragues), Dina Sten (Germaine), Fernando Rey (capelán), Rafael Arcos (Miguel), Félix Dafauce (doutor Sánchez), José Prada (médico de vila), Francisco Bernal (Pedro), Társila Criado (Marcela), Inés Pérez Indarte (pescadora), Arsenio Freignac, Henri Bartx, Fernando Heiko Vassel, Juan Stenzel, José María Rodríguez e os nenos María Luisa e José Antonio.
Sinopse:
Calificada como unha "rara avis" dentro da historia do cine español dos anos cincuenta, e inxustamente silenciada polas antoloxías da nosa cinematografía, a película baseada nunha obra de Pemán e con guión de Torrente Ballester, narra a historia de Margarida, unha moza moi caritativa, que intenta achegar a Carlos, un escritor condenado polo Vaticano polas súas novelas antirrelixiosas, cara á Igrexa.



20/02/01 - 20,30

CALLE MAYOR

(Juan A. Bardem, 1956)

Produción: Suevia Films - Cesáreo González, Play Art, Ibérica Films.
Productor: Manuel José Goyanes.
Nacionalidade: Coprodución hispano-francesa.
Guión: Juan Antonio Bardem.
Baseado en: "La señorita de Trevelez", autor adaptado Carlos Arniches.
Fotografía: Michel Kelber.
Música: Isidro B. Maiztegui, Joseph Kosma. **Decorados:** Enrique Alarcón. **Montaxe:** Margarita Ochoa.
Duración: 99 min.
Intérpretes: Betsy Blair, José Suárez, Ives Massard, Luis Peña, Dora Doll, Alfonso Godá, Manuel Alexandre, Matilde Muñoz Sampedro, José Calvo, René Blanchard, Lila Kedrova.
Sinopse: Nunha pequena cidade de provincias nos anos cincuenta, un grupo de amigos decide facer unha aposta: elixir a un deles, Juan, para que convenza a Isabel, a solterona oficial da vila, de que quere casar con ela. Ilusionada e feliz pola proposta do seu falso admirador, Juan decátase deque a broma está chegando demasiado lonxe...





13/02/01 - 20,30

EL REY PASMADO

(Imanol Uribe, 1991)

Produción: Imanol Uribe e Andrés Santana para AIETE Films / Ariane Films (San Sebastián), coa colaboración de Arión Productions (París), Infor Filmes (Lisboa), Televisión Española (Madrid), I.C.A.A., subvencionada polo Ministerio de Cultura e os fondos de Eurimages do Consello de Europa.
Productores asociados: Acacio de Almeida, Patrick Sandrin.
Productores: Andrés Santana, Imanol Uribe.
Nacionalidade: Hispano - franco - portuguesa.
Guión: Juan Potau, Gonzalo Torrente Malvido. Baseada na novela de Gonzalo Torrente Ballester, Crónica del rey pasmado.
Director de fotografía: Hans Burmann.
Música: José Nieto.
Montaxe: Teresa Font.
Cor: Cor.
Estrea: Callao, Roxy, Carlos III e Renoir, o 1 de novembro de 1991. **Duración:** 111 minutos.
Premios: Goya 1991: Mellor música orixinal (José Nieto), guión adaptado (Juan Potau), dirección artística (Félix Murcia), director de produción (Andrés Santana), diseño de vestiario (Javier Artiñano), interpretación masculina de reparto (Juan Diego), maquillaxe e perruquería (Romana González e Josefa Morales), mellor son (Gilles Ortion y Richard Casals (mesturas). Festival de Biarritz 1991: Premio especial do Xurado, premio do público, mellor película e mellor actor (Juan Diego).
Intérpretes: Gabino Diego (Rei), Juan Diego (Villaescusa), Fernando Fernán Gómez (Gran Inquisidor), Eusebio Poncela (Conde de la Peña Andrada), Joaquim de Almeida (Almeida), Javier Gurruchaga (Valido), María Barranco (Lucrecia), Laura del Sol (Marfisa), Alejandra Grepi (Dona Bárbara), Anne Roussel (Raiña), Luis Barbero (Ferrán de Valdivieso), Emma Cohen (Duquesa viúva do Maestrazgo), Christine Dejoux (Colette), Carmen Elías (abadesa), Eulalia Ramón (Paca Tavora), Enrique San Francisco (mendigo), José Soriano (Rivadesella). José Antonio Correa (Cosme), José María Tasso (Diego), Secundino Mirambel (Juan Potau).
Sinopse:
A película narra unha divertida "anécdota" do suposto Felipe IV, que tras pasar unha noite coa cortesana máis cara da vila, decide ver á súa muller, a raiña, núa. Diante nosa desfilarán tódolos personaxes máis representativos da corte dese rei de Austria para dilucidar ata que punto "o pecado" do rei repercute nos seus súbditos.





Convocatorias 2001

Congreso de Patrimonio.
Ó peche da revista estamos a realizar xestións con diversas entidades e persoas para a organización dun Congreso sobre Patrimonio que terá lugar no mes de marzo, arredor das datas do 25 aniversario do Ateneo, sobre o cal daremos comprida información no seu momento.
Adiantar que xa contamos coa colaboración da Concellería de Cultura de Ferrol, a Dirección Xeral de Xuventude, a Caixa Catalana de Pensións e temos pendiente a confirmación do Campus de Ferrol da Unversidade da Coruña.

Festival de Creación Audiovisual de Ferrol.
No Ateneo Ferrolán seguimos coas xestións, iniciadas hai dous anos para a creación dun festival de audiovisual, en colaboración co Eixo Atlántico, o Concello de Ferrol e diversas entidades relacionadas co medio, a nivel do Eixo e Galicia, das que en breve agardamos poder concretar datas de realización e adianto do programa e bases e contidos do proxecto a desenvolver.

Blanca o Negra

Jota


Ricardo Courtier

♩. = 72

Copla

D.S.

Partitura realizada por Ricardo Courtier para a edición do ano 2001 do certame de gaita galega "Constantino Bellón", que servirá para a selección dos finalistas do propio concurso e para a participación de gaiteiros do exterior, na versión "Gaiteiro de Soutelo".





Páxinas WEB

Ferrol en Internet

Páxinas WEB. Hoxe queremos facer chegar, na nosa revista, o xeito de navegar por Ferrol para todos aqueles que, dende fora da nosa terra, queren saber algo do que por aquí estamos a facer.. Para estar ó día, nada mellor que consultar as páxinas que diferentes entidades teñen na Rede e que falan do que poden atopar por estes lares.








Como curiosidade dicir que, navegando co nome de Ferrol por diante,para ve-lo que atopábamos puidemos consultar algunhas páxinas, de particulares, ianquis que levan o apelido da nosa cidade, e que teñen a súa páxina aberta.

Así, dende o noso xeito de solidariedade e colaboración aberta aí vos deixamos a relación daquelas relacionadas cos medios de comunicación, e que consideramos ineresantes, posto que haberá moitas máis e ás que, de aquí a pouco, agardamos sumarnos coa páxina propia WEB do Ateneo Ferrolán que estamos a preparar.




Para iso podemos conectar coas páxinas WEB de medios como o Diario de Ferrol, La Voz de Galicia, Canal 29, o Racing de Ferrol e mesmo a do concello de Ferrol, nas cales atoparedes información de todo tipo: turística, deportiva, cultural...










Colabora Gato informatica

IMAXE





Lavandeira

Nicaragua

O Ateneo coa solidariedade



Neste cuarto de século, a solidariedade con mundos ou sectores marxinais tivo un destacado papel. As problemáticas dos pobres, do mundo xitano, dos pobos oprimidos e da muller que naqueles tempos, e aquí en España, tiña unha chea de lagoas legais e abandono por parte da administración en xeral, fixeron que o Ateneo Ferrolán tivera unha presencia activa na reinvindicación dos seus dereitos.

Esta actividade, nos últimos anos, foi acadando un papel de primeira liña. As guerras, hambrunas, desastres naturais, malos tratos..., cada día máis cotiáns na nosa sociedade, non pasan por casualidade e no Ateneo, conscientes disto, fomos dándolle un tratamento de máis importancia.

Quizais, poderiamos marcar coma un punto de inflexión a presencia en Ferrol de Carmen Sarmiento no ano 96, cando nos veu a falar da situación da muller en LatinoAmérica. A continuación, a exposición "Levantar o velo da muller afgana"; a visita de Shapiry Hakami, delegada da muller afgana en España, a presencia de Tina Alarcón, da Federación de Asociacións de Mulleres Maltratadas, as charlas de Luis Cardoso, do Consello da Revolución de Timor Leste e Jorge Valiña, delegado da ONU en Timor Leste, o informe de Mº José Pérez de la Romana, delegada de Cáritas en Sudán, a exposición do Sahara e presencia de membros do Frente Polisario e a colaboración directa con Médicos do Mundo, foron desenvolvendo ese sentimento de solidariedade do Ateneo Ferrolán e, persoalmente, unha necesidade de ver e vivi-la solidariedade directamente.

Ese foi o motivo de atoparme unha mañán do pasado outubro no aeroporto de Lavacolla, xunto con Nora Candanedo, de Médicos do Mundo e Pepe Esteller, cámara da TVC e membro de da ONG, Acción Contra A Fame collendo un avión que nos levaría vía Madrid-Miami a Nicaragua. O obxectivo era a gravación dun proxecto de Desenvolvemento da Saúde



Comunitaria no departamento de Río San Juan.

O primeiro choque de vivi-la diferencia de tratamento foi en Miami, onde o primeiro país do mundo amosoume xa un pequeno grao de discriminación como é o espacio, unha especie de gheto, habilitado no aeroporto, alonxado do resto, para recibir ós pasaxeiros de países latinos. Seguindo esa viaxe contra o tempo, pois iamos cara ó sol, vivindo un día de trinta e pico de horas, repetición de comidas e menos horas de noite, embarcamos rumbo a Managua, onde chegamos ás 6 da tarde.


Na chegada agardaba por nós Ana María Martínez, administradora xeral do proxecto, unha moza madrileña que me chamou a atención pola súa xuventude, 26 anos, e que, máis tarde me sorprendería e admiraría pola súa personalidade, capacidade de traballo e responsabilidade.

Ela púxonos ó día do programa de traballo que iamos ter durante a nosa estancia no país. Na mañá seguinte, como non chegaran as nosas equipaxes, decidímos saír cara San Carlos, punto de destino co compromiso de MdM que nolas enviaría á súa chegada. Aquí, salienta-la situación do país en canto a vías de comunicación, entre Eduardo, o chófer de Managua e Chicho, o de San Carlos, repartíndose o camiño, arredor de pouco máis de trescentos quilómetros, en nove horas por unha pista de terra, chamada estrada.

Dende o aeroporto de Managua saímos en La Costeña, avioneta que sobrevoa o lago de Nicaragua (Cocibolca), de 150 por 45 quilómetros, de norte a sur, onde se atopa San Carlos. É coma un mar interior con illas,algunha co seu propio volcán e separado ó longo por unha estreita franxa de terra que te permite ver ó lonxe as augas do Pacífico.

Xa en San Carlos, centro de actividades de MdM, entramos en contacto coa realidade do país e parte do traballo que están a desenvolve-las diferentes ONG'S, que veñen axudando a manter cunha certa dignidade a vida dalgunhas comunidades e a xente do pobo nicaragüense. Mestura de razas, europeos e africanos cos aborixes do país orixina, fundamentalmente, dúas etnias, unha india de faccións acusadas







e outra máis negra e esvelta, preciosas as dúas, os nenos cuns ollos mouros e profundos que falan da súa serenidade e ledicia natural de quen descoñece outra vida mellor, dentro da grande miseria que lles rodea. Aquí comecei a botar de menos a Jose Villar, coa súa cámara fotográfica para axudarme a plasmar no papel todo aquilo que non daban recollido os meus ollos.

Nesa realidade podemos incluí-la estadía nun hotel -acá podería ter media estrela- con lagartixas, sayules e todo tipo de mosquitos, así como unha araña que me atopei na ducha dun tamaño duns cinco centímetros. O prezo da habitación era de cento oitenta e catro córdobas, arredor das 2500 pesetas, que para os salarios de alá é dabondo -a media dos que teñen esa sorte pode andar arredor dos oitecentos córdobas-.

San Carlos é o centro administrativo que engloba nove municipios, cunhas coarenta comunidades, e unha poboación de arredor de noventa mil persoas que só dispón dun hospital cuns medios moi limitados. A sensación da cidade, non ten nada que ver cunha cidade europea, mais ben semella un grande poboado de chabolas, pola construcción das súas casa, todas elas de planta baixa, feitas de madeira, moitas delas sen divisións que garantan uns mínimos de intimidade, e fomentan unha promiscuidade cun alto índice de abusos sexuais e de todo tipo. A xente practicamente vive na rúa, è todo o mundo vende algo, o mercado coa súa oferta de froitas, legumes, peixe e carnes tiña un aspecto realmente pouco atractivo ós nosos ollos. A cidade está enclavada á beira do lago, sendo porto fluvial e inicio do río San Juan que vai desembocar no océano Atlántico, facendo fronteira nalgunhas zonas con Costa Rica.

Moita do poboación desta zona é xente procedente do norte, de terras ricas onde se plantaba o algodón para grandes terratenentes. A revolución sandinista expropiou e repartíu a terra entre os campesinos, coa miopía de non legalizar con papeis a nova situación, cousa que coa perda das eleccións e subida de Violeta Chamorro ó poder deu lugar á reclamación de terras polos seus antigos propietarios. Din que esto, xunto coa corrupción dos arribistas políticos que se sumaron ó carro da revolución, foron as principais causas da caída sandinista. Pois ben, estes campesinos traídos para coloniza-las terras do sur, atopáronse cunhas terras cheas de bosques ricas en madeiras nobres coma o cedro e maila caoba que non servían para os seus cultivos de arroz e maínzo, polo cal se adicaron a cortar e talar grandes extensións, sen excluí-la tristemente coñecida por nós, queima de montes. O resultado é coñecido, a terra necesita tempo para recuperarse e axeitarse ós diferentes cultivos, senón empobrece e non hai planta que enraice. Se a esto sumamos a esquilmación dos grandes madereiros, moitos deles procedentes da veciña Costa Rica, orixina unha saldo conxunto de pobreza para o campesiño e máis para a terra.

O sistema de funcionamento de MdM é a instalación de Centros de Desenvolvemento para a Saúde nas diferentes comunidades, cubrindo, a día de hoxe, cinco dos nove municipios. Para isto, MdM nesas comunidades selecciona xente, denominada brigadistas, á que capacita para parteiras, servicios mínimos de consulta médica, botiquins, fumigacións, cociña, escola e supervisores para o cal teñan que desprazarse a San Carlos, onde reciben a preparación axeitada, comida para os nenos, medicinas e medios que lles faciliten a súa posta en práctica. Outro dos factores do síntoma de abandono destas xentes é que o ambulatorio do ministerio máis próximo atópase a máis de cinco horas de camiño, a pé ou en besta, pois non che hai outro medio de transporte, coas dificultades que conleva calquera tipo de atención e urxencia e que o servicio médico oficial non chega a eles, por non dicir que moitas veces nin tan sequera teñen medicamentos, sendo surtidos en parte por MdM.

A segunda xornada foi a visita á comunidade de El Espejo. Para chegar alá fixemos unha parada en Los Chelitos , onde MdM ten instalado un Centro para o Desenvolvemento da Saúde que nos levou dúas horas de camiño en Land Rover, por unha pista de terra con zonas impracticables para o que non sexa un "todoterreo". O camiño foi moi interesante polo que vas contemplando, aparte da vexetación, moi abundante por mor das intensas choivas que castigan ó país. As típicas construccións de catro táboas e un tellado de folla de palmeira, xente camiñando de aquí para alá, coma sen rumbo, ríos -de augas cor terra-, algúns deles que servían para lava-la roupa e bañarse os nenos, zopilotes -un ave rapaz- fan








enchendo os nosos ollos que non daban recollido tantas sensacións de admiración e ás veces de desolación e impotencia.

Seguimos camiño media hora máis no coche ata un lugar onde remataba a estrada e nos agardaba unha xente con catro cabalos e unha mula. Cinco a cabalo e tres a pe comezamos un camiño que nos ía levar dúas horas por un terreo que..., imaxinade unha corredoira de Galicia, en pleno inverno chea de lama e farédesvos unha idea bastante aproximada. As botas de media caña enterrábanse no fango, a choiva era tan intensa que engadido ós vinteoito graos de temperatura, xunto cos pertrechos que cargabas e o paso do río Tule, onde a auga chegaba ó ventre dos cabalos, recomendaba que camiñabas mellor co capote baixo o brazo posto que, pola sua lonxitude, dificultábache unha boa marcha.

típica como é o gallopinto -arroz e fríxoles- xunto con ovos fritos e tortas. As seguintes xornadas, xunto con Angel Barrajón, cooperante, coordinador xeral do proxecto de Río San Juan, saímos do porto de San Carlos en "panga", embarcación duns seis metros, cun tapado para a choiva, bancadas con capacidade para unha ducia de persoas e motor foraborda. A viaxe foi ó longo do río San Juan, cara ó Pacífico, sesenta quilómetros ata a comunidade La Juana. Un río cun cauce, ás veces con máis de douscentos metros de ancho, unhas augas tranquilas e rodeado de selva polas dúas beiras. Garzas brancas e grises, patos, tartarugas, monos, zopilotes, moi

control dos nenos -peso e medición- a comida dos nenos na escola, pois é a única garantía de que fagan unha comida diaria e volta a El Castillo, lugar para durmir e poboación preparada, en certa medida, para o turismo, con cartos da cooperación española. Situado nunha ladeira á beira do río, unha rúa única con camiños cara ó interior do monte posúe un museo e biblioteca habilitados nunha fortaleza de pedra, construída polos españois no século XVI, un centro de natureza, instituto e un mariposario. Hai unha historia moi curiosa da época da colonización española. Os españois, para defende-la fortaleza do paso dos piratas e dos inimigos, á altura de El Castillo, encheron o río de grandes pedras provocando a



Mapa de Nicaragua



formación duns rápidos bastante perigosos que dificultan a navegación por este.

O quinto día foi de tranquilidade e gravacións en San Carlos e no seu hospital, compartindo cos enfermos, entrevistas co director e médicos varios que suplen a falta de medicinas co seu traballo e amor á profesión e o cariño ós enfermos. Esta foi unha xornada distendida e de comunicación con Ana María, a administradora; Dolka, médica coordinadora, unha muller "nica", moi valiosa e interesante -no seu día, por si, soa e conscientemente decidiu ter unha filla dun miskito- adica o seu traballo e intelixencia ó desenvolvemento deste proxecto porque non ten cartos nin posibilidade de face-lo doctorado e especialidade da carreira nin alá, nin vindo a España como lle gustaría; Ana, farmacéutica, de Madrid, cooperante que veu por tres meses ó proxecto para acada-la pasantía para consegui-lo master en saúde pública para a súa carreira; Angel Barrajón, excrego veu a Nicaragua nos anos da revolución sandinista e impartía clases na universidade de León, casando e adicando a súa vida ó mundo da cooperación; Pablito, sandinista convencido, líder de intelixencia natural que deixou "aparcado" o seu activismo político para traballar con MdM, outro "nica" interesante, das persoas que son imprescindibles para facer un país. Todos eles teñen unha participación activa no desenvolvemento do proxecto, así como unha colaboración exquisita que facilitou o noso traballo axudándonos a ve-la realidade de Nicaragua, esa mesma realidade da incongruencia, os intereses e a falta de amor nun mundo que basea o seu benestar na pobreza de máis das tres cuartas partes da súa poboación.

Rematado o obxectivo que nos levara a San Carlos voltamos en La Costeña, servicio das avionetas que sobrevoan o lago, a Managua. Dende alí desprazámonos, en viaxe turístico, a Masaya, cidade importante do país no momento da revolución que destaca polo seu mercado de artesanía e a Granada, cidade colonial da época da colonización española e construcción típica da zona coas súas igrexas e prazas, con algún edificio e igrexa en ruínas, provocadas polo último terremoto, onde visitamos a Pepe Cabalo, exsecretario do Ateneo Ferrolán, nos anos setenta.

A penúltima xornada de estancia en Nicaragua adicámola a visitar a zona de Malpaisillo, lugar castigado polo furacán Mistch e no cal MdM, no seu día, despregou unha importante axuda e hoxe colabora en diversos proxectos. Alí, visitamos xentes varias que viviron as penurias do Mistch, perdendo casas e familias completas e tivemos a ledicia de ver como moitos deles están a supera-los traumas e necesidades que sufriron, por mor desas importantes axudas psíquicas e materiais das ONG'S.

Para chegar a Malpaisillo fomos con Enrique, coordinador xeral en Nicaragua de MdM. Camioneta Toyota e duas horas de camiño por estrada asfaltada, excepto un atallo que colle, por unha pista de terra, utilizada cando o do furacán e que nos aforrou máis de trinta quilómetros.

Vímos a moitas persoas arranxando as estradas, esto con fondos das axudas do Mitsch. Parece ser que moitos deles foron a parar ós petos do actual presidente Alemán, segundo as súas propias declaracións dixo "Teño que mirar polo patrimonio dos meus fillos".


Outro síntoma da situación política e social que vive o país, xunto cunha noticia de última hora que dicía, que o candidato dos liberais á alcaldía de San Carlos foi prendido por roubo e corrupción. Engadir que a xente que traballaba no acondicionamento das estradas, todos eles cubertos con gorras da campaña electoral do PLC (liberais) non percibían ningun salario, só a comida.

Mágoa de país, que non de terra. Montañas, volcáns, algun deles botando fume, bordeamos o Cerro Negro, todo rodeado de lava negra (última erupción en 1993), terra de lagos mil e xentes, boa xente, coma tódolos pobos. Como decía Eduardo, o chófer de MdM, en Managua:

"Os nicas, en poucos anos sufrimos dictadura, expoliacións, inundacións, furacáns, revolucións, terremotos... e sen embargo, seguimos sorrindo".

Luis Calvo Teijo

Salas Alternativas



RETORNELO DO HOME DO BARCO

Sobre o mar sempre un barco.
No barco un mariñeiro.
No mariñeiro un cantar:

Engaiólame a mestura
de luz de estrela e de lúa
sobre o mar, coma un orballo
alimentando o soñar,
poñendo paz e misterio
para xentes e gaivotas
e biloricos e araos,
mascatos e cormoráns,
na noite doce e tranquila,
namentres polo aire arriba
axúntanse silenciosas,
formando nubes, as gotas
que en trebón rebentarán
e así nos darán bos regos,
paixón a chovernos vida,
ansia de amor acendida
que irá polo mundo enteiro,
polo océano en salseiros
de escumallo a rebrincar,
e mostrará brancos dentes
na xerfa, polos rompentes,
na superficie ou tellado
do inmenso pazo encantado,
o máis fermoso que hai,
o gran pazo das fonduras
de peixes de mil feituras,
de arboredas de coral
onde viven cunchas, algas,
ourizos, baleas, focas...,
millenta de criaturas
nadando entre montes, bocas,
covas de varios volcáns
que estouraron noutros días,
no albor do mundo, na era
en que xurdiron cons, rías,
illas, cunchas, areais,
a praia onde o amor espera,
abrigo onde dorme o vento,
o vento que trae o acento
do mariñeiro a cantar:

Engaiólame a mestura
de luz de estrela e de lúa
sobre o mar, coma un orballo
alimentando o soñar.

Bernardino Graña

POEMA SORPRENDIDO

Góstame cando nos sorprenden
apertados e asulagados
nos camiños

Chéame de dozura
que me queiras gardar,
co teu corpo
dos olos alleos
e
contaxiándote a risa
e ríndonos os dous
intentamos acochar,
ti e máis eu,
ese pequeno recuncho común
onde agachamos a ternura.

Mercedes Castro Díaz

Mercedes Castro Díaz, ferrolá é licenciada en Dereito, escritora e poeta foi nomeada cun accesit en língua castelá, na última edición do Premio de Poesía ESQUÍO que organizan Caixa-Galicia e a sociedade Valle Inclán.

POEMA MADRILEÑO

Eu non son "de aquí".
Non vos trabuquedes
Nin quixera selo.

O tempo vai correndo eiqui,
e eu andando.
A xente fala tanto eiquí,
e eu calando.

E sigo as súas regras
onde irá o meu humor,
que fago
que non sei amar,
que lles dou
se non queren
a miña verdade.

E vivir en casas
con familias falsas,
e adeprender falsedades
e ter que dicir falsedades
no ascensor.

Que non,
que eu non son
de eiquí,
seino,
síntoo
moi dentro,
no fondo.

Son de alá,
de onde o mar,
as olladas
e a chuvia,
tan triste,
tan doce,
tan gris,
e murcha,
e vella
e cansa.

Sí,
non vos enganedes,
de alá son.

Mercedes Castro Díaz



Hoxe, [...] nosa teima de recuperar personaxes da nosa historia, queremos traer a [...]stas páxinas de PARNASO unha pequena mostra dos poemas de Sofía C[...]sanova, -só publicou en castelán- para dar a coñecer unha máis das sú[...] facetas literarias.

YO

Soy rubia, como rubias son las mieses
Que dora el sol de estío al declinar;
Soy triste, como el pálido lucero
Bañado por la luz crepuscular

Canto, porque mi canto es un suspiro,
Y suspirar mitiga el padecer;
Yo llevo entre las sombras de mis penas
De la esperanza el vago amanecer.

Soy pobre, como es pobre el desvalido;
Soy rica, como es rica la ilusión;
Que si pobre es mi hogar y mi fortuna,
Soy rica con la fe del corazón.

(Poesías, 1885)

VENCIDOS

Se aspiraba en las brisas de la tarde
Los sutiles efluvios de lo muerto,
El incesante choque de la lucha
Y el impalpable soplo de lo incierto.

En nuestro corazón repercutía
De las horas pasadas la tristeza,
El punzante dolor de cuanto cambia,
El eterno dolor de cuanto empieza.

Entre la nieve a trozos desgarrada,
Duro mostraba su aridez el suelo,
Y ceniciento, bajo, parecía
Sobre nosotros desplomarse el cielo.

(Cancionero de la Dicha, 1912)

GOTAS DE AGUA

A Madame Gastón París.

Gota de agua es la lágrima brillante
que, al nacer, en los ojos se evapora;
Gota de agua es la perla de rocío
que nace y muere en la mañana hermosa.


Gota de agua también es la perpetua
gota que filtra y que la piedra horada,
secreto de las rocas de granito,
caliza filtración de la montaña

¡Gotas de agua las dos! Mas, cuán distinta
es la que nace y muere en un momento,
de aquélla que, entre rocas serpeando,
Se petrifica y desafía al tiempo!

Así también del alma soñadora
brotan, a veces,fugitivas lágrimas,
que mueren a la luz de una sonrisa,
que evapora el calor de una esperanza.

Y, otras veces, hay lágrimas que brotan
y dejan en el alma para siempre,
estalactitas de dolor profundo,
que el tiempo agranda, y que jamás perecen.

(Fugaces, 1898)



SONETO

Te conozco, aunque llegas recatada
De la ilusión amiga con el manto,
Porque, a través de ese fingido encanto,
Tu faz miro de sombras coronada.
Te ve el hombre al nacer, por ti olvidada
No hay existencia, en horas de quebranto
¡quién en tu pecho no vertió llanto!
¡dónde irás, que no seas esperada!
En la infancia te hallé por vez primera,
Y ya en la juventud, contigo vino
A brindarme su luz la primavera...
Tristeza, pues a ti me unió el destino,
Pon tu mano en la mía, compañera,
Y sigamos el resto del camino.

(Fugaces, 1898)

MIEDO

Del Norte en la región desamparada,
del Sur en la extensión verde y florida,
doquiera voy, cual sombra de mi vida
ella viene a mis pasos amarrada.
Me detiene y me brinda su mirada
la gloria entre delirios presentida,
y a que acepte sus dones me convida
generosa, insinuante y porfiada.
¡Oh ventura! Deidad que sin la muerte
el hombre en su camino puede hallarte
por raro privilegio de la suerte,
déjame que te esquive al conocerte,
pues no quiero el encanto de lograrte
por no sufrir la pena de perderte.


(Fugaces,1898)

ANTÍTESIS

En el triste cementerio
Decía un gusano así:
-Bien hayas, muerte, bien hayas,
pues que yo nazco de ti.-

Al par que en alas del viento
Un suspiro sollozó:
-Vida del placer, mal hayas,
que al nacer tú muero yo.

(Poesías, 1885)




Día 8 de Marzo
día da muller traballadora



Carlos García

Programa de exposicións






Xaneiro

Martes 9 (20,30 horas)

Inauguración da Exposición infantil de Medio Ambiente:
Certame O NOSO ENTORNO
Do martes 9 ´0 mércores 17 dexaneiro

Venres 19 (20,30 horas)

Inauguración da Exposición:
A LEI DOS NENOS
Do 19 ó mércores 31 de xaneiro.



Febreiro

Venres 2 (20,30 horas)

Inauguración da Exposición:
¡CASTELAO E NOS!
Do 2 ó martes 13 de febreiro.

Venres 16 (20,30 horas)

Inauguración da Exposición de pintura
De ALFREDO PRADOS CASAL
Do 16 ó 27 de febreiro.



Marzo

Venres 2 (20,30 horas)


Inauguración da exposición de Escultura
Certame Feitura. EIDOS ESCULTURA 2001
Do venres 2 ó martes 13 de marzo.


Venres 16 (20,30 horas)

Inauguración da exposición
25 anos de PATRIMONIO
do venres 16 ó martes 27 de marzo.

Venres 30 (20,30 horas)

Inauguración da exposición de Pintura de
RAFAEL MORANO MORA
Do venres 30 de marzo ó martes 10 de abril.







Labirinto

Axuda a Icia a atoa-lo camiño a súa escola

Atopa as 10 difencias






Encrucullado

4 Obxetos típicos do Nadal

Sabela Arias

Indice de Anunciantes



Jorge Meis

